



CANS • O PORRIÑO

21 AO 25
MAIO

XXI EDICIÓN

2024



ENTRADAS E INFO
festivaldecans.gal

dossierdeprensa



Patrocinadores

Patrocinan



Apoian



Apadriñan



Colaboran



Medios



Festival asociado a



	PÁXINA
Intro	06
Homenaxes	07
Premios	09
Xurados	10
Sección oficial:	
Curtas de Ficción e Animación	13
Curtas de Non Ficción (Furacans).....	17
Curtas de Novas Camadas	20
Clips	22
Longametraxes:	
• Film de apertura: “Alumbramiento”.....	23
• “As Neves”	24
• “O Corno”.....	25
• “Oficio de desterro”	26
Documentais	27
Retrospectiva Internacional:	
Societé Acéphale.....	28
Coloquios e encontros	31
Actividades paralelas	34
Música	38
Actuacións e concertos	39
Audiovisual e música	44
Minicans	46
Cans do Futuro.....	48
LendoCine	49
Tapas de cine	50
Exposicións+Cans Participa	51
Emocións en Cans	54



Film de apertura de Pau Teixidor



María Vázquez, Premio Pedigree 2024



Tatán e O Bichero, Chimpíns de Prata



O director David Trueba protagonizará o Coloquio na Leira



Retrospectiva Internacional sobre "Société Acéphale"




A directora Sonia Méndez ven presentar o seu film "As Neves"



Janet Novás, Diego Anido e Álvaro Gago no Xurado Oficial



O director Pau Teixidor



Longametraxes que se proxectarán nesta edición



Eloy Enciso no Xurado



Ana David no Xurado



Jaione Camborda participará no coloquio sobre "O Corno"



Tamar Novas no coloquio Aisge con María Vázquez



Proxección homenaxe a Kepa Junquera



Uxía presentará o seu documental "Acordamos"



Celso Bugallo nos coloquios AISGE



Rúa Efémera "Dolores Ben"



Presentación do libro "Cans, nomes dos lugares"



Fermina do Pouso Chimpín de Prata dos veciños



BENVIDAS Á ALDEA MÁXICA

Cans é unha aldea que vista con malos ollos moitas e moitos ata poden considerar un non-lugar. Unha aldea rachada pola navallada de autovías e estradas, encravada nun val dentro doutro val e que, de entrada, a moitas e moitos de vós podería non parecerlles o paradigma da beleza paisaxística.

Mais un día creamos un festival de cine e descubrimos que había agochada unha aldea máxica. Unha aldea onde os jalpóns e cubertos se convertían en salas de cinema, o Torreiro nun inigualable espazo de concertos, dun vello invernadoiro de caraveis emerxeu un maravilloso auditorio e onde os chimpíns pasaban a ser un transporte público que chegaba máis puntual que o AVE.

E así vimos sacando a pócima máxica desde hai vinteún anos, ás veces nin sabemos quen nos puido estar inxectando tanta enerxía ao longo de máis de dúas décadas. Ou igual si o sabemos, unha mestura de veciñas e veciños, institucións e patrocinadores fieis e uns entusiastas compañeiros de organización que teñen paixón por este festival alentado por un proceso de construción colectivo.

Houbo un tempo en Cans no que un Jaliñeiro se converteu nun emblemático espazo de concertos. Alí imos volver este ano para emocionarnos, abrazando a Kepa Junkera. Kepa volverá ser aclamado nos camiños, Janet Novás prometeu traer o seu deslumbrante Goya á aldea, a súa aldea. Polo Torreiro van pasar o gran David Trueba e a flamante concha de Ouro Jaione Camborda, unha cineasta que vimos crecer como Sonia Méndez vai traernos "As Neves", o seu filme debú e recoñeceremos o talento desa inmensa actriz que é María Vázquez, O filme "Alumbramiento" e Pau Teixidor, e no que está María, terá a súa preestrea en Cans. En cinco días, van pasar máis dun cento de cineastas pola aldea, exhibiranse 106 obras audiovisuais, con perto de 40 estreas, competirán 30 curtametraxes de novos cineastas nas diferentes categorías e haberá 25 actuacións musicais. Imos bailar a tope con The Rapants, con Lontreira, Combo Paradiso, Susana Seivane... no Torreiro, na Leira Estrella Galicia, no Invernadoiro, nos camiños da aldea.

Van visitarnos perto de 700 rapaces de institutos e colexios, e imos dar un paso de xigante na programación coa retrospectiva dos franceses Societé Acephale. E o máis importante, ides poder entrar nas casas das veciñas e veciños de Cans, que vos abrirán as portas a todas cunha xenerosidade sen límites. Á beira deles e delas, nestes cinco días, van pasar cousas moi emocionantes. Imos ver cine, imos cantar, imos bailar, imos chorar, imos rir e imos emocionarnos moito. E cando remate, nos vosos records, van quedar gravadas para sempre unha chea de cousas bonitas que só poden pasar aquí, na aldea máxica. Sede benvidas e benvidos e desfrutade a tope da XXI edición do Festival de Cans.

Alfonso Pato
Director do Festival de Cans



Premio Pedigree 2024

María Vázquez. actriz

O Festival de Cans concede este ano o seu Premio de Honor á actriz María Vázquez, intérprete de gran versatilidade que destaca polo seu traballo exhaustivo na construción dos personaxes, aos que sempre parece transmitir a súa propia enerxía persoal.


Nominada ao Goya á Mellor interpretación protagonista polo seu excepcional traballo en “Matria”, de Álvaro Gago, así como aos Premios Forqué, este papel valeulle tamén a Biznaga de Prata no Festival de Málaga.

Con máis de 25 anos de carreira, María Vázquez ten participado en preto de vinte filmes ás ordes de directores como Montxo Armendáriz, Icíar Bollaín, Isaki Lacuesta ou Paco Plaza, así como en numerosas series de televisión e obras de teatro.

O Festival de Cans quere recoñecer tamén o seu forte compromiso social, a súa reivindicación feminista, e a súa defensa da orixe rural.



Cartel do film Matria | María Vázquez e Álvaro gago na edición pasada | Biznaga de Plata no Festival de Málaga



Chimpíns de Prata, Premio Pepe Puime

Eduardo Rodríguez ‘Tatán’, actor

Tatán leva máis de 40 anos de carreira, nos que ten participado en quince longametraxes, numerosas obras de teatro e máis de dez curtametraxes. Pola última delas, “O coidado”, recibiu o pasado ano o Premio ao Mellor actor no Festival de Cans. Ao fronte da compañía de títeres Tanxarina, Tatán foi recoñecido con algún dos máis prestixiosos premios teatrais de Galicia, como o Dorotea Bárcena, o Premio da MIT de Ribadavia, o Premio Maruxa Villanueva, ou o Xograr de Ouro da FIOT de Carballo. Con este premio queremos recoñecer a súa labor na profesión, e o seu compromiso co Festival de Cans ao longo da súa historia.



Chimpíns de Prata, Premio Pepe Puime Luis Davila ‘O Bichero’, ilustrador e debuxante

Luis Davila é un dos debuxantes e ilustradores gráficos máis populares de Galicia. Davila converteu ó seu personaxe “O Bichero”, nun símbolo da iconografía popular galega. A súa viñeta diaria no Faro de Vigo, e o seu agudo sentido do humor é seguido por milleiros de persoas.

Desde a primeira edición do Festival de Cans, Davila realiza cada ano desinteresadamente unha viñeta sobre o festival, dimensionando e potenciando os seus elementos distintivos -jalpóns, cortellos ou chimpíns-, mesturados con guiños á filmes, actores, actrices e directorxs. Ademais do Chimpín de Prata, presentamos unha exposición arredor do seu traballo con Cans como inspiración.



Chimpíns de Prata, Premio Divina Campos Fermina Fernández, “Fermina do Pouso”

A señora Fermina do barrio da Graña, a piques de cumprir os cen anos, é a memoria viva da nosa aldea. Leva tempos prestando o seu testemuño ao Proxecto Cans 303, onde se realizan documentais colectivos que recuperan a historia da aldea. Fermina traballou durante a súa vida como costureira polas casas e como vendedora ambulante, combinando coa dura vida do traballo no campo.



SECCIÓN OFICIAL. COMPETICIÓN.

11.000 € en premios (+ 2.000€ en material audiovisual canxeable)

curtas

- **PREMIO DO XURADO Á MELLOR CURTAMETRAXE DE FICCIÓN**
2.000 euros + Can de Pedra
- **PREMIO “ESTRELLA GALICIA” DO PÚBLICO Á MELLOR CURTAMETRAXE DE FICCIÓN**
1.500 euros + Can de Pedra
- **PREMIO Á MELLOR CURTAMETRAXE DE ANIMACIÓN** 1.500 euros + Can de Pedra
- **PREMIO DO XURADO Á MELLOR CURTAMETRAXE DE NON FICCIÓN (SECCIÓN FURACANS)** 1.500 euros + Can de Pedra
- **PREMIO “DELEITE” DO XURADO Á MELLOR CURTAMETRAXE DE NOVAS CAMADAS**
1.000 euros + Can de Pedra
- **PREMIO ESPECIAL DO XURADO DOS VECIÑOS E VECIÑAS Á MELLOR CURTAMETRAXE DE FICCIÓN E ANIMACIÓN**
300 euros + Can de Pedra
- **PREMIO “AGAG” DO XURADO AO MELLOR GUIÓN**
300 euros + Can de Pedra
- **PREMIO “CREA” DO XURADO Á MELLOR DIRECCIÓN**
300 euros + Can de Pedra
- **PREMIO “RC Service” Á MELLOR DIRECCIÓN DE FOTOGRAFÍA**
300 euros + Can de Pedra + 1.000 euros en desconto en material de rodaxe na empresa RC Service
- **PREMIO “AISGE” DO XURADO Á MELLOR INTERPRETACIÓN FEMININA** 300 euros + Can de Pedra
- **PREMIO “AISGE” DO XURADO Á MELLOR INTERPRETACIÓN MASCULINA** 300 euros + Can de Pedra
- **PREMIO “GADIS” Á MELLOR BSO** 300 euros + Can de Pedra

clips

- **PREMIO LASAL COCINAS DO XURADO AO MELLOR VIDEOCLIP**
500 euros + Can de Pedra
- **PREMIO DO PÚBLICO AO MELLOR VIDEOCLIP** 300 euros + Can de Pedra

pintura

- **PREMIO V Concurso de Pintura Rápida**
1º premio 400 euros + Can de Pedra
2º premio 200 euros + Can de Pedra

Ficción / Animación



Janet Novas (Cans, O Porriño, 1982), actriz, bailarina e coreógrafa.

Formada en Madrid, Bruxelas ou Berlín como bailarina e coreógrafa. O seu traballo de diálogo permanente co seu corpo convenceu á directora Jaione Camborda para convertela en actriz protagonista do filme “O Corno”. O seu debú valeulle o Premio Goya á mellor Actriz Revelación. Anteriormente, en 2014, xa fora protagonista do documental Candencias, dirixido por Virginia Rota e proxectado no Festival de Cans.



Álvaro Gago (Vigo, 1986), estuda cinema na London Film School, na que se gradúa coa

curta Curricán. No 2017 dirixe Matria, curtametraxe nomeada aos Goya e gañadora do Gran Premio do Xurado en Sundance. A súa seguinte curta, 16 de decembro, nomeada aos Goya e gañadora do Mestre Mateo, estréase na sección Pardi di Domani do Festival de Locarno. A súa primeira longametraxe, Matria, que parte da curta homónima, estreouse na sección Panorama da Berlinale, recibiu a Biznaga de Prata de Málaga á Mellor Actriz e o Premio ASECAN á Mellor Ópera Prima, e obtivo sendas nominacións ao Goya a Mellor Dirección Novel e Mellor Actriz. Actualmente forma parte do equipo docente do FilmLab Lac6, o Conecta Lab e La Residencia Navarra, e está desenvolvendo a súa segunda longa de ficción, Porto Alegre, no marco do programa Rueda da Academia do Cine.



Marina García é produtora e docente. Doutora en Historia da arte Moderno e Contem

poráneo pola Universidade de Santiago de Compostela. Desde 2014 lidera a produtora Sintagma Films, coa que produciu, entre outros, os traballos de Guillermo García López: Frágil Equilibrio (2016), sobre o ex presidente de Uruguai, José Mujica, gañador do Goya ao Mellor Documental e premio DOC España na Seminci; Low-Tech Reality (2022); e Aunque es de noche (2023), Premio Forqué e Goya a Mellor Curtametraxe de Ficción. Paralelamente, desenvolveu proxectos site specific, instalacións audiovisuais e pezas experimentais como Bit (2019), para a Bienal de Venecia, ou Fenda (2023), para a Cidade da Cultura. Tamén participou da montaxe da última videoinstalación de Victor Erice, Piedra y Cielo.



Diego Anido (Santiago de Compostela, 1976) é unha das caras máis recoñecibles do

audiovisual en Galicia, sobre todo despois da súa nominación, en 2022, aos Premios Goya como mellor actor revelación polo seu impresionante traballo en As Bestas, de Rodrigo Sorogoyen. Antes forxou unha longa traxectoria como actor de teatro e abriuse camiño no cinema en filmes como Trote, de Xacio Baño, ou Ons e Malencolía, de Alfonso Zarauza, filme este último, polo que logrou un Mestre Mateo a mellor actor secundario. No último ano participa en O Corno, de Jaione Camborda.



Zeltia Montes (Madrid, 1979) é un dos grandes talentos da composición musical espa

ñola. Comezou no cine da man do director galego Ignacio Vilar, co que traballou nas bandas sonoras de Pradolongo e A Esmorga. En 2022 foi recoñecida co Goya á mellor



Banda Sonora por El Buen patrón, de Fernando León de Aranoa. En 2019 estivera tamén nominada ao Goya á mellor BSO polo documental Sad Hill desenterrado, de Guillermo de Oliveira, e en 2016 á Mellor Canción orixinal por Frágil Equilibrio, de Guillermo García López.

Furacans (non ficción) e Novas Camadas



Ana David, programadora de cinema que traballa entre Berlín e Oporto. Actualmente é comisaria no Batalha Centro de Cinema, unha nova institución/sede pública adicada ao cinema, o cinema de artista, a investigación e o discurso. Dende 2018, é membro do comité de selección da sección Panorama da Berlinale. Cargos anteriores en programación inclúen IndieLisboa, Berwick Film & Media Arts Festival, BFI London FF y Queer Lisboa, neste último como codirectora.



Álvaro Pulpeiro. Cineasta galego afincado entre Madrid e Barranquilla. Tras graduarse como arquitecto pola Architectural Association de Londres e formar parte do 89+, colectivo de artistas novos curado por Hans Ulrich Obrist, os seus traballos de cinema documental e experimental participan en certames de prestixio nacional e internacional como CPH:DOX, IndieLisboa, DMZ Docs, Festival de Sevilla, Festival de Xixón ou Festival de Edimburgo. Actualmente prepara a súa primeira longametraxe de ficción (proxecto co que participa na quinta edición das Residencias da Academia do Cine Español).



Eloy Enciso estudou cinema documental na Escola Internacional de San Antonio dos Baños, Cuba. O seu recoñecemento internacional chega en 2012 con Arraianos, onde atopamos os principais acenos de identidade da súa obra: adaptación de textos literarios con actores non profesionais en propostas de coidada fotografía e na fronteira dos xéneros cinematográficos. O filme gañou o premio á Mellor Película nos festivais de Buenos Aires (BAFICI), Perú (Transcinema) e Sevilla (SEFF), e foi exhibida no MoMA de Nova York. Tras realizar a residencia artística do Radcliffe Institute da Universidade de Harvard, regresa en 2019 con Longa noite, que recibe o premio da crítica especializada a mellor dirección en Locarno.

Videoclips

Jacobo Rivero é xornalista e escritor; colaborador de El País na sección Cultura, e do suplemento El País Semanal, entre outros medios. Tamén desenvolve labores de axudante de dirección, apoio en guión, arquivo, documentación e entrevistas para cinema documental traballando con directores como Javier Corcuera ou Fernando León. Experto en músicas de raíz como o flamenco ou o jazz, foi codirector do festival MUCIBA (Música Cinema del Barco de Ávila). Actualmente é asesor de comunicación no festival HolaNola, en Compostela, dedicado aos sons de Nova Orleans. Entre as súas numerosas publicacións destaca o libro: Música, rúa e resistencias desde New Orleans.



Nuno Pico. Artista formado primeiro en Filosofía e posteriormente en Comunicación Audiovisual, con máis de dez anos de experiencia na rodaxe de videoclips, diante e detrás da cámara. Ademais da súa banda, Grande Amore, formou parte de Oh Ayatollah e Los Rastreadores, xunto con Ortiga. Por enriba da súa faceta musical, fixo este ano a súa primeira incursión no mundo do guión coa curta “Hippocampus”.



Arancha Brandón. Fotógrafa e cineasta. Crece nun entorno rural da fronteira entre Galicia e Portugal, o que inflúe na súa identidade creativa. Ten colaborado con artistas como Baiuca, Carlangas, Mundo Prestigio, Blanco Palamera, Helen and Shanna, Marem Ladson, Akazie y mariagrep, entre outros. O seu traballo foi presentado en Photo Vogue Festival (Base Milano); L'Alternativa; Playdoc (Tui); Festival de Cine Independiente de La Plata; Curtocircuíto; Márgenes, Festival de Cine Independiente de Madrid, e no propio Festival de Cans.



Veciñas e veciños de Cans

Antonio Vaqueiro. Ten 67 anos, está xubilado como empregado de hostelería e vive no barrio da Carreira.

Mari Carmen Otero. Ten 57 anos, traballou como peixeira e agora está xubilada. Vive na Fonte do Tanque.

Manuel Pereira, “Lito Sacristán”. Ten 49 anos, é de Atios, a parroquia do lado, pero o seu oficio de sacristán tróuxoo ata Cans onde é unha persoa moi popular e gran tocador de campás.

Adriano Campos Bargiela. Aos seus 90 anos é unha das persoas de maior idade da aldea e, sen dúbida un dos actores en activo de maior idade do mundo, formando parte do elenco do grupo Fontevella. Moi apreciado na aldea onde foi anos presidente da asociación de veciños. Vive na Gulpilleira.

Patricia Lorenzo, “Patri”. Ten 50 anos, é operaria e reside no Barrio da Graña.



O Xurado dos Veciños no visonado da edición pasada.



FICCIÓN / ANIMACIÓN

BLOQUE 1

Baixo de Bugarín, Baixo de Moncho, Baixo de Alfonso e Cuberto de Chelo

Sábado 25 | Pase matinal: ás 10 e ás 13.30 h. | Pase de tarde: ás 16.30 e ás 20.30 h.



VÉXOTE

2024 | 19'42" | España | Galego | **Estrea absoluta**

Dirección, guión, montaxe e música: Óscar Pardo **Producción:** Noemí Chantada **Fotografía:** Paula Pez **Reparto:** Marta Lado, Xúlio Abonjo, Fran Lareu **Xénero:** drama/saúde mental **Vai de:** David e Lola van pasar uns días á casa rural do seu amigo Marcos. No medio da natureza buscan atoparse e verse, deixar atrás a tristeza que acompaña a Lola. **O detalle:** A curta está punteada de secuencias de animación realizadas por David Fidalgo Omil, o creador da exitosa *Sandwich Cat*.



AQUARIUM

2024 | 11' | España | Galego | **Estrea absoluta**

Dirección, guión, produción e montaxe: Margherita Morello **Fotografía:** Olmo Couto **Reparto:** Paula Quintas, Arturo Cobas, Clara Ferrao, Nuria Sotelo, Quico Cadaval **Xénero:** Sci-fi, comedia, drama **Vai de:** Nun futuro distópico, Electra traballa nunha empresa de márketing, e no seu tempo libre, dedícase a deseñar pezas de roupa. Cando a ascenden a directora do seu departamento, Goa, unha compañeira, decide sabotala. **O detalle:** Bregada en curtas, documentais e videoclips, a italiana Margherita Morello leva máis de 20 anos afindada en Galicia.



ALGUÉN ME CHAMOU SERPE NEGRA

2023 | 10' | España | Galego

Dirección, guión, produción, montaxe, fotografía e música: Borja Santomé **Xénero:** Animación **Vai de:** Unha serie de personaxes, apenas esbozados, emprenden unha viaxe física e mental desde a cidade, ruidosa e desordenada, ata a costa, nunha sucesión de escenas entre o imaxinario e o autobiográfico. **O detalle:** Borja Santomé foi gañador da sección de animación en Cans en 2028, coa curta "El Reloj".



BETAS

2024 | 15'55" | España | Galego | **Estrea absoluta**

Dirección e Produción: Alberto Senín Porto **Guión:** Martín DeSoto **Producción:** Lucas Orlando, Muriel Pernas **Montaxe:** Manuel Macou, Martín DeSoto **Fotografía:** Pablo Fontenla **Música:** Marcos Pin **Reparto:** Vicente Mohedano, Xoel Pol, Abel Pardal, Xabi López, Luisa Treviño **Xénero:** Comedia **Vai de:** Un pai ausente e o seu fillo con problemas de bullying vense implicados nunha absurda trama delictiva na que aprenderán a coñecerse. **O detalle:** O protagonista, Vicente Mohedano, levou o premio a Mellor Actor en 2009 en Cans pola curta *¿Quieres ser director de cine?*, do mesmo director.



FICCIÓN / ANIMACIÓN

BLOQUE 1 (continuación)

Baixo de Bugarín, Baixo de Moncho, Baixo de Alfonso e Cuberto de Chelo

Sábado 25 | Pase matinal, ás 10 e ás 13.30 h. | Pase de tarde, ás 16.30 e ás 20.30 h.



IN HALF

2023 | 24' 35" | España | Inglés e Francés con subtítulos en galego

Dirección, guión, produción, fotografía e montaxe: Jorge Morais **Música:** Juan M. Cameán
Xénero: Animación **Vai de:** A través da imaxinación dun neno, narra a viaxe dun home que, tras caer presa dos seus medos, debe atravesar un mundo estraño, un universo cheo de maxia, onde se lle presentarán temores e conflitos do pasado e onde terá que atopar solucións para o futuro, co fin de descubrir a súa propia identidade. **O detalle:** Jorge Morais xa gañou a sección de animación do Festival de Cans en 2009, coa curta "O pintor de Ceos".



HISTERIA DO MEU PEQUENO MUNDO

2024 | 6' | España | Galego | **Estrea absoluta**

Dirección e guión: Pablo Fontenla **Producción:** Álvaro Liste, Águeda Penedo y Pablo Fontenla **Fotografía:** David G. García **Montaxe:** Emilio Carral **Música:** Javier Fontenla
Reparto: Leticia Sola, Tacho González **Xénero:** Sci-fi **Vai de:** Nun futuro dominado pola predición computerizada e o control político e social, un cidadán normal cuestiona a verdadeira autonomía humana nun mundo cada vez máis controlado por máquinas. **O detalle:** Inspirado no relato *Franchise*, de Isaac Asimov (1955).



AVETIMOLOXÍA

2023 | 9' | España | Español | **Estrea en Galicia**

Dirección, guión, produción: Xosé Zapata **Montaxe:** Fran X. Rodríguez **Fotografía:** Celia Benavent **Música:** Manuel Riveiro **Xénero:** Animación **Vai de:** Un canto á paz e á concordia, onde os paxaros móstrannos o absurdo que son os nosos conflitos fronte ao devir da Terra, confrontando a autodestrución do home fronte á resiliencia da natureza. **O detalle:** Xosé Zapata gañou o Goya á mellor curta de animación en 2022 con *The Monkey*.



Fotograma curta "Betas"



Fotograma curta "Avetimoloxía"



2

FICCIÓN / ANIMACIÓN BLOQUE 2

Baixo de Bugarín, Baixo de Moncho, Baixo de Alfonso e Cuberto de Chelo

Sábado 25 | Pase matinal, ás 10 e ás 13.30 h. | Pase de tarde, ás 16.30 e ás 20.30 h.



RUOVESI

2023 | 18'25" | España, Finlandia | Finlandés, Español

Dirección, guión, fotografía e montaxe: Andrea Zapata **Producción:** Andrea Zapata e Beli Martínez **Música:** Javier Colina **Reparto:** Silvia Eliana Aedo, Lasse Poser, Sonja Linnea Lampinen, Julia Amelia Girau González **Xénero:** Drama **Vai de:** Cecilia, sobrevivente da represión militar chilena, conxuga desde o seu desterro en Finlandia, loita interior e política, disgregación xeográfica e familiar. Ao seu lado, a súa neta Aava, ofrecéndolle un novo lugar desde o que aliviar, por un momento, a carga do seu persistente e fragmentado renarrar. Baseado na vida de Silvia Eliana Aedo, que interpreta a Cecilia. **O detalle:** Nesta curta volven participar os personaxes de "Aava", curta coa que Andrea Zapata gañou o Festival de Cans en 2017.



O FRÍO

2024 | 16'59" | España | Español | **Estrea en Galicia**

Guión, dirección e produción: Pablo Dopazo **Fotografía:** Jaime Olmedo **Montaxe:** Carlos Martínez-Peñalver Mas **Reparto:** José María Sanjurjo, Daniel Sanjurjo **Xénero:** Drama **Vai de:** Chema traballa nun mercado de abastos dunha pequena cidade no noroeste de España. O seu día empeza temperán; leva pedidos, arrastra caixas de xeo e peixe, transporta paquetes de marisco. Despois dun duro día de traballo, volve a casa. Pero esta tarde recibe unha chamada que perturba a súa vida normal; é o pasado que volve. **O detalle:** Inspirada nunha historia real, estivo seleccionada na Sección Oficial do Festival de Málaga.



CAFUNÉ

2023 | 8' | España | Español | **Estrea en Galicia**

Dirección e guión: Carlos F. de Vigo e Lorena Ares **Produción:** Carlos F. de Vigo, Sergy Moreno, Mintxo Díaz, Damián Perea **Fotografía:** Marcos García **Montaxe:** Lorena Ares **Música:** Mikel Salas **Xénero:** Animación **Vai de:** Alma, unha nena solitaria, revive o seu traumático pasado cando a súa boneca cae á piscina, arrastrándoa ao naufraxio da patera do que foi a única sobrevivente. Luna, a súa rescatadora, a axuda para superar o seu trauma e reconstruír a súa vida. **O detalle:** Parella de animadores de exitoso percorrido, codirixeron «Amanece la noche más Larga», nominada ao Goya e gañadora da Biznaga de Plata no Festival de Málaga.



Fotograma curta "Ruovesi"



Fotograma curta "Cafuné"



2

FICCIÓN / ANIMACIÓN BLOQUE 2 (continuación)

Baixo de Bugarín, Baixo de Moncho, Baixo de Alfonso e Cuberto de Chelo

Sábado 25 | Pase matinal, ás 10 e ás 13.30 h. | Pase de tarde, ás 16.30 e ás 20.30 h.




DE(S)AMOR

2023 | 11'43" | España | Español

Dirección, guión e produción: Alba Pino **Fotografía:** Sheila Rodríguez **Montaxe:** Carmen de Couto **Reparto:** Lidia Galiana, Pedro Rubio **Xénero:** Comedia


Vai de: Carina odia o amor, pero non pode evitar buscalo. Quizais hoxe, que ten unha cita despois de moito tempo, sexa o seu día de sorte. Ou quizais non. **O detalle:** A curta leva máis de 15 seleccións en festivais nacionais e internacionais.



BARXACOVA

2023 | 15'59" | España | Galego | **Estrea absoluta**

Dirección, produción e montaxe: Rosa Taboada **Guión:** Xosé Gallego **Fotografía:** Jaime Cuña (Jaime Frame) **Reparto:** Alfonso Míguez **Xénero:** Drama **Vai de:** Un home volta da cidade a unha casa illada da Ribeira Sacra, nunha vila chamada "Barxacova". A natureza o envolta mentres reflexiona sobre o sentido da vida. **O detalle:** O guión desta curta inspírase en textos de Albert Camus - "O Estranxeiro" e "Calígula".



TO BIRD OR NOT TO BIRD

2023 | 9' | España | Sen diálogos

Dirección e guión: Martín Romero **Produción:** Iván Miñambres **Montaxe:** Iñigo Gómez **Música:** Joseba Beristain **Xénero:** Drama, Comedia **Vai de:** Mirada crítica e caleidoscópica do mundo actual contada a través das traxicómicas e esperpénticas vivencias de varios paxaros. **O detalle:** Gañadora de máis de 9 galardóns, entre eles, o Goya á Mellor Curta de Animación. Ademais, Romero gañou en Cans o Premio á mellor Curta de animación en Cans en 2019 por "La Noche".



NAI

2024 | 17' | España | Galego | **Estrea absoluta**

Dirección: Tito Refoxo **Guión:** Tito Refoxo e Brais Do Rei **Produción:** Soraya Vilela Vilela **Fotografía:** Pedro Tizón **Montaxe:** Rocío López **Música:** Moura **Reparto:** Denis Gómez, Andrea Vilaríño, Lena Fernández, Felipe González, Javier Galego **Xénero:** Drama/ Western **Vai de:** Rois, 1970, no máis profundo da Galiza, a desaparición dunha rapaza fai tremer os cimentos da familia Bandín. Tan só un complexo plan poderá esclarecer o destino final da cativa. **O detalle:** Prometedor debú como director do actor Tito Refoxo.



Fotograma curta "Nai"



Fotograma curta "De(s)amor"



FURACANS - NON FICCIÓN

BLOQUE 1

Casa de Mari | Casa do Carreira (só na sesión da tarde)

Sábado 25 | Ás 10 e ás 13.30 horas e ás 17 e ás 20.30 h.



THE DEATH OF THE LAST FRANCOIST MAYOR (A morte do último alcalde franquista)

2024 | 4'45" | España | Galego | **Estrea absoluta**

Dirección e produción: Andrew Frinkielman e Lola Sounigo **Guión, fotografía, montaxe e música:** Andrew Finkelman, Lola Sounigo **Vai de:** Un ensaio visual que ten lugar no enterro de Senén Pousa Soto, un alcalde nomeado por Franco que exerceu o cargo ata o 2023 na aldea de Beade, con 300 habitantes. Xuxtapoñendo o "Pacto do Esquecemento" de España coas celebracións públicas de Soto durante a ditadura, o filme contempla a memoria histórica e o esquecemento como ferramentas de transición. **O detalle:** Andrew Finkelman (Portland, EEUU) e Lola Sounigo chegaron a Galicia en 2022 cunha beca Fullbright.



CORRE O VENTO

2023 | 29' 57" | España | Galego

Dirección, guión e montaxe: Paula Fuentes e Guillermo Carrera **Produción:** Laia Bellés **Fotografía:** Martín Ávila **Música:** Xan Sánchez **Reperto:** Nuria Lestegás, Nazario Vergara, Josefa Álvarez, Xan Sánchez, Carlos Castro, Evaristo Méndez **Vai de:** Branca visita ao seu avó nunha aldea escondida entre as montañas de Galicia. Coa súa chegada, a realidade no pobo comeza a transformarse. Os últimos habitantes resisten a desaparición do rural a través dos seus soños, recordos e memoria. **O detalle:** Todos os personaxes, excepto Branca (Nuria Lestegás), son habitantes das aldeas do Courel.



YVONNE, THE POWER OF WORDS (Yvonne, o poder das palabras)

2023 | 9' | España | Galego | **Estrea absoluta**

Dirección, guión, produción, fotografía e montaxe: Silvia Muiña **Vai de:** Yvonne é unha escritora que leva máis de vinte anos encamada. A súa saúde foise deteriorando por mor de sufrir un accidente de tráfico. Tras quedar encamada, decidiu empezar a escribir sobre os seus sentimentos e descubriu a poesía. A súa obra fala sobre a discapacidade, a depresión ou a frustración pero tamén fala do amor, da natureza e da vida. **O detalle:** Silvia Muiña coñeceu a Yvonne traballando como cuidadora en Inglaterra. Cando a aseaba e lle daba a comida, ela aproveitaba para lerlle algún poema dos libros que ela mesma autopublicaba.



PLATÓNICO, PLATÓNICA

2024 | 9'20" | España | Galego

Dirección, guión e montaxe: Xacio Baño **Produción:** Tamara Canosa **Fotografía:** Tono Mejuto **Vai de:** Un ensaio sobre o amor nos tempos da intelixencia artificial. **O detalle:** Xacio Baño continúa a súa investigación sobre a natureza das imaxes na liña de traballos como *Non te vexo* ou *Contra o inverno*. Xacio Baño gañou ata en tres ocasión a categoría de ficción do Festival de Cans. Seleccionada para a competición de curtas no Festival de Málaga.



1 FURACANS - NON FICCIÓN

BLOQUE 1 (CONTINUACIÓN)

Casa de Mari | Casa do Carreira (só na sesión da tarde)

Sábado 25 | Ás 10 e ás 13.30 horas e ás 17 e ás 20.30 h.



VIAXAR AOS TEUS RECORDOS É BUSCAR PELEXA

2023 | 19'30" | España | Galego | **Estrea en Galicia**

Dirección, guión, produción, fotografía e montaxe: Daniel Pérez Silva **Vai de:** Enteramente composta por imaxes do arquivo familiar, o director pon en relación a visión do pasado coa do presente, dando conta dos cambios que se producen na relación entre os membros da súa familia. **O detalle:** Terceira curtametraxe do director de Boiro, despois de Garza e Persoa, Pobo, Paisaxe.

2 FURACANS - NON FICCIÓN

BLOQUE 2

Casa de Mari | Casa do Carreira (só na sesión da tarde)

Sábado 25 | Ás 10 e ás 13.30 horas e ás 17 e ás 20.30 h.



EL CUSTODIO

2023 | 19'40" | España, Cuba | Español, Yoruba | Subtítulos en castelán

Dirección e guión: Arturo Franco **Produción:** Zerkalo Films, Brona Films **Fotografía:** Juan Carlos Alom **Montaxe:** Armand Rovira **Reperto:** Antonio Figueroa, Iván Alejandro Martínez **Vai de:** A película fala da soidade nunha illa sen tempo. Unha pista de aterraxe fronte ao golfo de Florida é abandonada tras a crise dos mísiles e convértese na obsesión dun vello Custodio que dedica a súa vida para protexela das súas pantasma. **O detalle:** A primeira curta do arquitecto Arturo Franco foi seleccionada na Sección Oficial do Festival de Cine de Guadalajara (México), un dos máis importantes de América Latina, ademais de acadar o Premio ao Mellor Film Español no Festival Intersección.



AÍNDA HOXE AS HORAS

2023 | 9'57" | España | Galego | **Estrea absoluta**

Dirección, produción, guión, fotografía e montaxe: Miriam Opazo **Vai de:** "Aínda hoxe as horas" é una pequiña sinxela, pequeniña, que sae do burato do peito polo que debemos deixar escapar a negrura cando nos anega os pulmóns. Unha carta de amor. O amor e a morte son indelebles, coma o granito eterno do alto do Forgoselo. **O detalle:** Coa súa anterior curta debú, "Ningún Deus", tivo unha Mención Especial o pasado ano na sección Furacáns.



2

FURACANS - NON FICCIÓN

BLOQUE 2 (continuación)

Casa de Mari | Casa do Carreira (só na sesión da tarde)

Sábado 25 | Ás 10 e ás 13.30 horas e ás 17 e ás 20.30 h.



PECHAR CAIXAS, ABRIR CAIXAS

2024 | 17'54" | España | Galego

Dirección, fotografía e montaxe: Hugo Amoedo **Guión:** Hugo Amoedo, Xavier Queipo **Con:** Hugo Amoedo Canal, Luca Amoedo Alvarez, Sonsoles Alvarez Morillo **Vai de:** O escritor galego Xavier Queipo prepara a mudanza para regresar ao país despois de vivir máis de 30 anos en Bruxelas. Baleira a súa casa e mete os seus recordos en caixas que os mozos de mudanzas cargan no camión para levar de volta a Galicia. Outro galego, o cineasta Hugo Amoedo, tamén afincado en Bruxelas, non sabe cando poderá regresar. Mentres, ensínalle ao seu fillo a andar en bicicleta, dubida, ten soños e ideas para películas e se pelexa na ventanilla de correos. **O detalle:** Con *Europa*, Hugo Amoedo gañou a competición Furacans no ano 2018.



LO ÍNTIMO

2024 | 8' | España | Español | **Estrea absoluta**

Dirección: Sara Horta e Susana Sotelo **Producción, guión e fotografía:** Sara Horta **Montaxe:** Susana Sotelo, Chema Montero **Con:** Sara Horta **Vai de:** Sara facía unha viaxe de aventura ao ano soa. Ao ser encerrada para vivir unha corentena na súa casa pola crise do COVID 19, revive e lembra as súas últimas viaxes por Indonesia e Madagascar. É a través das imaxes reais da súa última aventura, cando Sara revive un instante que a marcou para sempre. **O detalle:** Unha historia real sobre a viaxe máis estraña e íntima da súa vida.



VOLVER CANTANDO

2024 | 15'34" | España | Galego | **Estrea absoluta**

Dirección, produción, guión e montaxe: Lázaro Louzao **Fotografía:** Hilario Pérez Gómez **Música:** Josefa Gato **Vai de:** O primeiro que a memoria esquece, o morrer un ser querido, é a súa voz. "Volver Cantando" é o intento dun neto por recuperar a voz de súa avoa, unha muller que en vida tivo moito que dicir e que agora está a perder a súa voz. **O detalle:** Empregando as cintas caseiras que gravou seu pai entre 1997 e 2004, o autor vai na procura do seu propio recordo. A curta supón o regreso de Lázaro Louzao despois de rodar a longa "Nove de novembro", considerado o primeiro filme LGTBI feito en galego.



Fotograma curta "Corre o vento"



Fotograma curta "Lo íntimo"




NOVAS CAMADAS

Baixo de Carlos

Mércores 22 | Ás 18:00 h. | Apadriña:




Co ánimo de impulsar a visibilidade dos traballos das creadoras e creadores máis novos, desde hai dous anos o festival puxo en marcha esta sección destinada a promover a autoras e autores que realicen a súa primeira obra, e que teñan menos de 25 anos.



.JPEG

2023 | 4'53" | España | Galego | **Estrea absoluta**

Dirección, produción, guión, fotografía e montaxe: Anxo González **Música:** Dani Iglesias **Xénero:** Ensaio **Vai de:** A peza nace do interese persoal do realizador polo valor das imaxes físicas, fronte á perda de interese das imaxes dixitais, que desaparecen por descuido, olvido ou eliminación. **O detalle:** Curta debú deste director de Pontearreas que estudia na Universidade de Vigo.



TOXOS

2023 | 13' | España | Galego

Dirección, produción e guión: Jacqueline Reimúndez **Fotografía e Montaxe:** Samuel Román **Música:** Vicente Couceiro **Reparto:** Mariña Gestoso, Nicolás Silva, Carla Álvarez, Rubén Buezas, Paloma San Martín, Iria León, Gonzalo Valcárcel **Xénero:** Aventuras, Familiar **Vai de:** Historia de aventuras que viaxa polas lendas e o misticismo galego da man de catro rapaces e rapazas de 12 anos e unha cadela. A súa curiosidade tras ler un libro de mitos populares, lévaos a querer descubrir a veracidade dunha lenda que conta a historia dunha grade de ouro agochada no río Ulla. **O detalle:** Toxos nace como traballo de fin de grao de tres alumnos de Comunicación Audiovisual da Universidade da Coruña (Anxo Cambón, Jacqueline Reimúndez e Samuel Román). O traballo consegue acadar a matrícula de honra e o premio a mellor TFG de Temática Galega.



TAQUIÓN

2023 | 3'40" | España | Galego | **Estrea absoluta**

Dirección, produción, guión, fotografía, montaxe e música: Miguel Barcia **Reparto:** Miguel Barcia **Xénero:** Ciencia ficción experimental **Vai de:** Un mozo contrúe unha máquina do tempo na que viaxa por múltiples recordos dos seus antepasados. **O detalle:** Relato de ciencia ficción que combina videos caseiros con fotogramas impresos e escaneados cos que se suxire a distorsión dos recordos.



TARA

2023 | 16' 48" | España | Galego

Dirección e guión: Rebeca Tella e Daniel Filloy **Produción:** Lucía Blanco, Miguel Barcia, Rebeca Tella e Daniel Filloy **Fotografía:** Miguel Barcia **Montaxe:** Rebeca Tella **Reparto:** Amalia Barreiro, Uxía Suevos, Sandra Cao, Pablo Loureiro, Ana Alfaya, Chinweike David, Pedro Galocha, Rubén Sotelo, Pepa Sofía, Mateo Filloy, Rober de Vigo **Xénero:** Ficción **Vai de:** Nas súas máis ostentosas galas, un distinguido grupo de individuos réunese para celebrar un banquete. Todos ocultan a súa identidade pero son libres de revelar a súa esencia, pois neste lugar apenas hai normas. Despois de retirar os entrantes, o servizo coloca unha gran bandexa misteriosa na mesa. **O detalle:** Segunda colaboración de Rebeca Tella e Daniel Filloy despois de codirixir o díptico documental Sinto / Penso.

A MIRADA DELAS

2024 | 14' 49" | España | Galego | **Estrea absoluta**

Dirección, guión e montaxe: Clara Maseda da Veiga **Produción:** Miramemira y Amorambre Films **Fotografía:** Alejandro Rodríguez **Xénero:** Documental **Vai de:** "Miña nai sempre me dixo que podía ser o que eu quixese. A través de videos caseiros gravados na miña infancia, falo sobre a miña crianza e a miña relación coa arte. María, Catuxa e Aroa, tres artistas emerxentes galegas, completan esa reflexión mentres amosan o seu traballo". **O detalle:** Este documental abre un diálogo entre o arquivo doméstico e as entrevistas, tratando temas como a liberdade, a muller, a cultura no rural ou a importancia das raíces.





NOVAS CAMADAS (continuación)

Baixo de Carlos

Mércores 22 | Ás 18:00 h. | Apadriña:



ILLA CORDURA

2023 | 11' | España | Galego e Castelán

Dirección, produción, guión, fotografía, montaxe e música: Mario Fernández Filloy

Xénero: Animación **Vai de:** O fareiro da Illa Cordura queda só cando o seu compañeiro marcha a terra firme. Nunha noite de tormenta atopa unha carta. A historia que esta relata e o medo á noite en soidade levarano aos límites da locura. **O detalle:** Seleccionada polo ICAA para a Short- film Corner do Festival de Cannes.



ÁNGEL DE PLÁSTICO

2024 | 14' 9" | España | Castelán | **Estrea absoluta**

Dirección e música: Manu Sacoga **Produción:** Color2Dark **Guión:** Manu Sacoga, Nico Nargual y Marcos Herrera **Fotografía:** Daniel Iglesias **Montaxe:** Marcos Herrera **Reparto:** Pepa Sofía, Yoli Giráldez, Iván García, Nico Nargual, Paula Gavilán, Antía Vidal **Xénero:** Ficción **Vai de:** Naila anima aos seus amigos para buscar a casa da infancia de Yume como unha escusa para reunilos a todos. Pero eles danse conta das súas intencións: que non superou a Yume (que morreu) e que ten intención de unir un grupo desfeito. **O detalle:** Traballo de fin de curso da Facultade de Comunicación da Universidade de Vigo.



SAINTE AGATHE

2023 | 7' 28" | España | Castelán | **Estrea absoluta**

Dirección, fotografía e montaxe: Juan Ares **Con:** Agathe Vandeneuyken **Xénero:** Documental **Vai de:** Agathe, unha xove de 22 anos con disforia de xénero, sómese a unha operación de masculinización de tórax tras case dous anos de espera nun hospital público. **O detalle:** O director decidiu documentar o proceso da súa amiga Agathe non só como "un recordo para ela", senón tamén co obxectivo de que o relato puidese ser de axuda para persoas na mesma situación.



XOGO DE NENOS

2023 | 16' 28" | España | Galego

Dirección e guión: Miguel Romero **Produción:** Kasa Vella, Xurdir SL **Fotografía:** Dani Iglesias **Montaxe:** Julián Casal **Música:** Dav Ciuffardi, Ana Piñeiro **Reparto:** Pablo Loureiro, Pedro Galocha, Pepa Sofía, Sergio Peteira, Rober de Vigo **Xénero:** Terror **Vai de:** Miguel, Nico, Sara e Álex corren polo bosque, tratando de escapar de dous perseguidores que queren matalos. Álex non consegue fuxir e é asasinado. Agora só quedan tres, que terán que apañárselas, sen armas, para escapar con vida do bosque. **O detalle:** Obra gañadora do premio a Mellor Curtametraxe da Facultade de Comunicación da Universidade de Vigo no concurso A Canteira de AUGAL.

EU QUERO UNHA PIPA

2024 | 5'6" | España | Galego | **Estrea absoluta**

Dirección, guión, fotografía e montaxe: Candela Conde **Produción:** Chanfaina Lab **Xénero:** Ensaio **Vai de:** "Atópote en cada paso, en cada casa vella que se desgasta co tempo, no movemento que produce o aire nas distintas superficies, en cada bar que abre e serve cuncas de viño e nas partidas de cartas que se xogan nel, nos coches pequeniños que suben a modiño as costas, nos animais que pastan nas fincas, nas tarefas do campo, nos tractores que preparan a terra e nos rulos que se recollen ó final da tempada". **O detalle:** Terceiro ano consecutivo que Candela Conde participa no festival, despois de A casa dos avós e Es (ser) e ser un Espazo.





Concurso de videoclips “Noite Lasal Cocinas”



Praza Arquitecto Antonio Palacios (O Porriño)

Xoves 23 | Ás 22.30 h.

• **Encontro cos realizadores** | 19.00 h. | Centro Cultural Municipal do Porriño



• **Concerto** | 21.30 h. | Praza Arquitecto Antonio Palacios

HYDN

• **Concurso Videoclips Noite Lasal Cocinas con proxección das 17 pezas finalistas**
22.30 h. | Praza Arquitecto Antonio Palacios



Fotograma de “Ruando”

1. SOFÍA ESPÍNEIRA

Xeografías

Dirección: Lucía Estévez

2. MÄI

Altair

Dirección: Judith Adatebarna

3. EQX

Pola

Dirección: Inma Veiga

4. MANSION

Replicante

Dirección: Anxos Fazáns

5. MONDRA, AIDA TARRÍO E

BERTO

Ruando

Dirección: Mondra e Xaime Miranda

6. BEACH AVENUE

No name

Dirección: Xacobe Bruña

7. HYDN

Augurio

Dirección: Iago Vilarinho e Xaime Miranda

8. TRIÁNGULO DE AMOR BIZARRO

La carretera nocturna

Dirección: Toño Chouza

9. ATAQUE ESCAMPE

A cociña práctica

Dirección: David Silva

10. TIAM GZ

Volvo ao xogo

Dirección: *Lara Caeiro*

11. SACOGA

Ultraamor

Dirección: Eva Iglesias e Manu Sacoga

12. THE RAPANTS

Rue Franklin

Dirección: Manu Seoane

13. ERIS MACKENZIE & HYDN

Cora Mollado

Dirección: Iago Vilarinho

14. CAAMAÑO E AMEIXEIRAS

A pequena morte

Dirección: David Silva

15. MJ PÉREZ & CRÚA

Ora aberta, Amor

Dirección: MJ Pérez

16. DE NINGHURES

Morena

Dirección: Alba Domínguez

17. OS VACALOURAS

Game Boy

Dirección: Os Vacalouras



Fotograma de “No name”



Fotograma de “Ultraamor”

APERTURA DO FESTIVAL

ALUMBRAMIENTO



Cartel

**Xoves 23 | 20.30 h. | Círculo Recreativo Cultural do Porriño
2024 | Drama, Ficción | 101' | España | Español | Pre-estrea**

Dirección: Pau Teixidor

Produción: Aquí y Allí films, Minoría Absoluta

Guión: Lorena Iglesias e Pau Teixidor

Dirección de fotografía: Pepe Gay de Liébana

Música: Petre Bog

Montaxe: Mamen Díaz y Pedro Collantes

Reparto: María Vázquez, Sofía Milán, Manuel Zarzo, Laura Gómez-Lacueva, Carmen Escudero, Malena Gutiérrez

Vai de: España, 1982. Marisa (María Vázquez) decide levar á súa filla a Madrid co fin de dar solución a un embarazo non desexado. Lucía (Sofía Milán) termina ingresando en Peñagrande, un reformatorio para adolescentes embarazadas. Alí forxará unha forte amizade coas súas compañeiras e descubrirá que se lle quere arrebatarse aquilo que aínda non ten: o seu propio fillo.

O detalle: Acaba de ser premiada como Mellor dirección no Barcelona Film Festival (BCN Festival), onde as grandes interpretacións das actrices levaron a que o elenco recibira de xeito colectivo o Premio á Mellor Interpretación feminina.

Posterior encontro co público

Xoves 23 | 22.30 h. | Círculo Recreativo Cultural do Porriño

Ó rematar a proxección, haberá unha charla co director Pau Teixidor, e as actrices do filme, María Vázquez e Sofía Milán.



Fotograma



Pau Teixidor e María Vázquez

MÁS LONGAS

AS NEVES



Cartel



Sonia Méndez

**Venres 24 | 17.30 h. | Baixo de Bugarín
2024 | Drama, Ficción | 83' | España | Galego (V.O.)**

Dirección e guión: Sonia Méndez

Produción: Aquí y Allí Films, Cósmica Producións

Fotografía: Lucía C. Pan

Montaxe: Juliana Montañés

Música: Andy Bell

Reparto: Andrea Varela, David Rodríguez, Lucía Veiga, Antía Mariño, Xacobe Bruña Alonso, Irene Rodríguez Vence, Diego Caro, Jenny Soto Romarís, Santi Carmena Rico, Adriana Fernandez Pazó, Luisa Merelas.

Xénero: Drama adolescente, thriller rural.

Vai de: As Neves é un remoto pobo de montaña onde todo o mundo coñécese. A noite de entroido a cuadrilla de adolescentes celebra unha festa e colócanse con cogomelos por primeira vez. Ao día seguinte espértanse coa noticia de que Paula, unha das mozas que estaba na festa, desapareceu. Mentres, un temporal de neve chega ao pobo e vains deixando incomunicados e sen internet. A investigación da desaparición de Paula causará un cambio profundo na súa relación co mundo.

O detalle: O marabilloso debú na longametraxe de Sonia Méndez, que pasou como curtametraxista polo Festival de Cans. Estivo en competición no último Festival de Málaga.



Fotograma

MÁIS LONGAS

O CORNO



Cartel

**Xoves 23 | 17.00 | Círculo Recreativo Cultural O Porriño
2023 | Drama, Ficción | 99' | España | Galego**

Dirección e guión: Jaione Camborda

Produción: Esnatu Cinema, Miramemira, Elástica Films

Fotografía: Rui Poças

Montaxe: Cristóbal Fernández

Música: Camilo Sanabria

Reparto: Janet Novás, Siobhan Fernádes, Carla Rivas, Daniela Hernán Marchaán, María Lado, Julia Gómez, José Navarro, Nuria Lestegás y Diego Anido.

Xénero: Drama

Vai de: Illa de Arousa, 1971. María é unha muller que se gaña a vida mariscando. Tamén é coñecida na illa por axudar a outras mulleres nos seus partos con especial dedicación e coidado. Tras un inesperado suceso, vese obrigada a fuxir e comeza unha perigosa travesía que lle fará loitar pola súa supervivencia. Buscando a súa liberdade, María decide cruzar a fronteira por un dos roteiros de contrabando entre Galicia e Portugal.

O detalle: Un ano despois de ter participado na sección Fillas e Fillos de Cans amosando as primeiras imaxes de O Corno, Jaione Camborda volve ao festival coa película xa terminada; flamante gañadora da Concha de Ouro no Festival de San Sebastián, e cun Goya para a súa protagonista, a porriñesa Janet Novás.

Encontro sobre o film

Xoves 23 | 13.00 h. | Torreiro de Cans

Encontro ca directora Jaione Camborda e a protagonista Janet Novás.



Jaione Camborda



Fotograma

SECCIÓN CINEHERDANZAS

Mércores 22 | 11.00 h. | Baixo de Carlos

Coa presenza de Xaime Varela Sieiro e Xesús Asorey



Carlos Asorey

Presentamos unha nova sección dedicada ao cinema de patrimonio e arquivo. Baixo o nome de Cineherdanzas, recuperaremos e analizaremos unha parte da memoria audiovisual galega.

Inauguramos coa primeira presentación pública dunha parte do arquivo fílmico de Carlos Asorey, descuberto polo profesor Xaime Varela. Asorey, filósofo e cineasta amateur, foi un dos escasos exemplos dun cinema militante na Galicia dos anos 70, que interesouse pola emigración e o exilio, e por retratar á comunidade galega en Europa. Na presentación proxectaremos o film **Oficio de Desterro**, recentemente restaurado e dixitalizado.

OFICIO DE DESTERRO

1978-1979 | 39'54" | España | Galego | Estrea copia restaurada



Fotogramas

Guión, realización e montaxe: Carlos Asorey.

Fotografía: Agustín Barbazán, Enrique Suárez e Carlos Asorey.

Producción: Artistas Asociados

Con: Silvia Pérez, Elena Grille e Fina Mantiñán.

Xénero: Documental.

Vai de: Unha rapaza agarda a unha moza que chega en tren á estación de Austerlitz. Camiñan ata a casa desfrutando do paseo parisino. Son traballadoras de Galicia nunha gran cidade europea, e cada primeiro de maio, defienden os seus dereitos laborais. No verán regresan con esperanza a Galicia.

O detalle: Probablemente, as únicas imaxes que temos sobre a comunidade galega emigrada en París nos 70.

Xaime Varela Sieiro

Licenciado en Filoloxía Clásica e Filoloxía Hispánica (sección galego-portugués) pola USC, e doutor en Filoloxía Clásica (programa Estudos medievais) pola mesma universidade. No 2004 diplómase na EPHE de París (Section de sciences historiques et philologique). Desde 1995 exerce como docente de Lingua e Literatura galega e coordinador do Equipo de Dinamización da Lingua en diversos institutos. Foi lector de lingua e literatura na Sorbonne Nouvelle-París III, e profesor de lingua no IE Cañada Blanch de Londres, onde creou e desenvolveu o proxecto Galego en Londres, Premio da Cultura (2019). Especializado no período inicial da nosa lingua, na historia do asociacionismo, e na produción cultural galega en Francia e no Reino Unido.



Xaime Varela

Documental musical

ACORDAMOS



**Martes 21 | 19.30 | Auditorio do Centro Cultural
Coa presenza da directora Uxía Senlle.**

2023 | 75' | España | Galego | Estrea

Dirección: Uxía Senlle, Lucas Terceiro **Producción:** A Madriña **Guión:** Carmen Conde
Con: Luis Pastor, Marga Romero, Natalia Jorge, Antía Muíño, Woyza, Malvela.

Vai de: A Segunda República converteuse nun período de iniciativas pioneiras en Galicia, impulsadas por persoas que se movían entre os soños e a utopía. Proxectos de renovación pedagóxica, de cooperativas de financiación ou de pioneiros centros culturais, ata que a irrupción do franquismo arrasou con todos estes proxectos. Acordamos é unha viaxe á memoria destes proxectos, mesturada con interesantes aportacións musicais inéditas de artistas como Antía Muíño, Luis Pastor, Wöyza ou Malvela e Celina da Piedade.

Proxeccións Homenaxe a Kepa Junkera

Mércores 22 | 19.00 h | Baixo de Carlos

Trala ruada musical do Torreiro ata o Jaliñeiro, onde descubriremos a placa homenaxe a Kepa Junkera, proxectaranse dúas curtametraxes documentais inéditas, arredor da vinculación deste músico co Festival de Cans. **Coa presenza de Kepa Junkera e dos directores Susana Sotelo e Martín Rodas.** Tamén se proxectará o avance do videoclip “Para Kepa”, dirixido por Juan Lesta, que se estreará na Noite dos Veciños.



Fotograma de “Cans con K”

DE MEREXO A KEPA

2024 | 5' | España | Español

Estrea absoluta

Dirección: Susana Sotelo e Iria Lema **Produción:** Festival de Cans **Xénero:** Documental

Vai de: No ano 2013 Kepa Junkera chegou a Galicia para contactar, nos lugares máis remotos, con moitos músicos que él consideraba que eran as fontes do tesouro da música tradicional galega. O resultado foi o emocionante disco “Galiza”. Un daqueles músicos era o acordeonista Pazos de Merexo, histórico músico da Costa da Morte. As directoras, Susana Sotelo e Iria Lema, recollen aquí o emotivo encontro de Pazos con Kepa.

O detalle: O proceso non puido culminarse, pero esta curta documental inédita quedou, despois de falecer Pazos, como unha testemuña fascinante.

CANS CON K

2024 | 19' | España | Galego | Estrea absoluta



Dirección e montaxe: Martín Rodas **Cámaras:** Adrián Van Alten, Martín Rodas **Con:** Kepa Junkera, Cristina Pico, Carolina Vázquez, Pazos de Merexo **Xénero:** Documental

Vai de: En maio de 2014, Kepa Junkera realizou unha actuación memorable no histórico Jaliñeiro da Casa de Pedreiro, no Festival de Cans. Naquel momento, o realizador Martín Rodas rexistrou para o arquivo de Gz Música, o emotivo pasarrúas de Kepa polos camiños da aldea e a actuación no Jaliñeiro, aclamado por unha multitude. Poucos meses despois Kepa sufriría o accidente que o apartou da música, polo que esta actuación cobrou unha dimensión única.

O detalle: Rodas busca nesta obra unha cercanía orgánica co artista, coa cámara moi pegada a él. Ademais, recupera moitos minutos de arquivo que permanecían inéditos, con imaxes a veces deterioradas polo tempo. Un documento irrepitible.

Société Acéphale

En Cans estarán presentes Anthony Lapia, Lorenzo Bianchi, Camille Degeye, Eliza Muresan, Matthew Barton e Natalia Wiszniewska -produtora artística, actriz e directora colaboradora en After de Anthony Lapia-, para falar das súas películas e dos seus modos de traballo, nos que a menudo unos e outros intercambian os distintos roles da produción audiovisual: dirección, guión, montaxe...



SOCIÉTÉ
ACE PHALE



LONGAMETRAXES

Xoves 16 | 19 h | Centro Cultural do Porriño

AFTER, Anthony Lapia

Francia | Francés | Subtítulos en español | 2023 | 70 min

Guión: Anthony Lapia **Produción:** Société Acéphale, Salt for Sugar Films, Les films de l'autre cougar, Les productions du Mont-Pelat **Fotografía:** RobinFresson, Raimon Gaffier **Montaxe:** Joran Leroux-Gipouloux **Distribución:** Filmin **Xénero:** Drama. **Reparto:** Louise Chevillotte, Majd Mastoura, Natalia Wiszniewska. **Vai de:** Un club de París. Os ritmos tecno arrasan. A xente baila, consome e fala. Félicie coñece a Saïd e lévalle á súa casa para unha festa. Na cúspide entre a noite e o día, as vidas e os puntos de vista chocan.

Premios: *Mellor Película no Novi Sad Film Festival Serbia, Mencións Especiais en: New Horizons Poland, Black Canvas México, Seeyousound Music Festival Italia.*

Sábado 18 | 18 h | Centro Cultural do Porriño

QUE QUELQUE CHOSE VIENNE, Mathilde Girard

Francia | Francés | Subtítulos en español | 2023 | 70 min |

Estrea en España



Guión: Mathilde Girard **Fotografía:** RobinFresson **Montaxe:** Léo Richard **Xénero:** Documental **Con:** Anne-Lise Broyer, Anna Cohen-Yanay, Michaël Bejaoui Evans **Vai de:** París á tardiña, nenos xogando nunha praza. Cando cae a noite, os transeúntes enmascarados corretean antes de volver a casa. En planos amplos e estáticos, compostos con decisión seguindo as liñas das rúas e os edificios, Mathilde Girard filma o fluxo de persoas ao comezar o toque de queda: o movemento errático e perpetuo dun pobo fragmentado.

Premios: *Premio Georges de Beauregard no FID Marseille.*

SOCIÉTÉ ACÉPHALE



CURTAMETRAXES

BLOQUE 1

Sábado 25 | 10.00 h. | Baixo de Carlos

Coa presenza de Anthony Lapia, Lorenzo Bianchi, Camille Degeye, Eliza Muresan, Matthew Barton e Natalia Wiszniewska.

ALMOST A KISS

Dirección: Camille Degeye

2022 | 29' | Francia | Francés | Subtítulos en español | **Estrea en España**

Dirección e guión: Camille Degeye **Producción:** Sociéte Acéphale **Fotografía:** Robin Fresson **Montaxe:** Valentin Féron **Xénero:** Drama **Reparto:** Camille Degeye, Annabelle Bouzom.

Vai de: Unha moza cunha mochila de camuflaxe cruza unha cidade de provincias confinada. Unha vez no seu destino, a espera un estraño protocolo de duelo.

Premios: *Gran Premio André S. Labarthe e Premio SACEM no festival Côté Court e Gran Premio no festival Silhouette.*



PANDA

Dirección: Anthony Lapia

2014 | 11' | Francia | Francés | Subtítulos en español | **Estrea en España**

Dirección: Anthony Lapia **Guión:** Iris Kaltenböck, Anthony Lapia **Producción:** Sociéte Acéphale **Fotografía:** Balthazar Lab **Montaxe:** Jonathan Vinel **Xénero:** Drama **Reparto:** Solène Rigot, Finnegan Oldfield

Vai de: Un mozo leva a unha moza ao mar, é a súa primeira vez. A silenciosa noite acubillarán o seu crecente desexo.



LA MARIÉE DE PANTIN

Dirección: Eliza Muresan

2019 | 30' | Francia | Francés | Subtítulos en español | **Estrea en Galicia**

Dirección: Eliza Muresan **Guión:** Eliza Muresan, Olivier Daniel, Redouane Hacid **Producción:** Sociéte Acéphale **Fotografía:** Robin Fresson **Montaxe:** Anthony Lapia **Xénero:** Drama **Reparto:** Eliza Muresan, Nouredin Mohamed, Redouane Hacid

Vai de: A primavera está no aire e unha moza deambula sen rumbo polas rúas de Pantin. Impulsada por un estraño ímpeto, dedícase a roubar obxectos aos homes que a rodean... Con todo, ela anhela outra cousa.

Premios: *Premio á mellor actriz no Festival Côté Court.*

SOCIÉTÉ ACÉPHALE

CURTAMETRAXES

BLOQUE 2

Sábado 25 | 13.30 h. | Baixo de Carlos

Coa presenza de Anthony Lapia, Lorenzo Bianchi, Camille Degeye, Eliza Muresan, Matthew Barton e Natalia Wiszniewska.



JOURNEY THROUGH A BODY

Dirección: Camille Degeye

2019 | 32' | Francia | Francés | Subtítulos en español | **Estrea en Galicia**

Dirección e guión: Camille Degeye **Producción:** Société Acéphale **Fotografía:** Robin Fresson **Montaxe:** Valentin Féron **Xénero:** Drama **Reparto:** Thomas Kuratli, Laurence Hallard

Vai de: Thomas, un músico suízo-alemán, está atrapado en casa cun pé roto. Deambula polo seu pequeno piso parisiense, coa perna escayolada, tentando compoñer unha nova peza musical. Un bo día, unha visita inesperada espéralle detrás da porta.

Premios: *Mellor Curtametraxe no Festival de Vilnius, Premio Especial do Xurado no Festival Côté Court, Mención Especial no festival La Cabina, España.*



LE PETIT

Dirección: Lorenzo Bianchi

2017 | 25' | Francia | Francés | Subtítulos en español | **Estrea en Galicia**

Dirección: Lorenzo Bianchi **Guión:** Lorenzo Bianchi, Ilias El Faris **Producción:** Société Acéphale **Fotografía:** Robin Fresson **Montaxe:** Ariane Prunet **Reparto:** Luka Sauke, Valérie Massadian, Paul Blain, Alix Montheil **Xénero:** Drama

Vai de: Nunha aldea remota, o pequeno Luka xa viu o peor. A enfermidade do seu pai e a súa estreita relación coa súa nai convertéronlle no home da casa. A presenza inesperada na mesa de xantar do enfermeiro, esperta os seus celos, polo que tamén el decide traer ao seu propio invitado.

Premios: *Mellor Fotografía en Clermont-Ferrand, Mellor Película na Mostra de Cinema de Taranto. Mellor Guión nos Prisma Independent Awards Italia, Premio da Crítica no Firenze Film Corti, Mención Especial en Namur Film Festival (Bélxica).*



BOX

Dirección: Matthew Barton

2019 | 9' | Francia, Reino Unido | Inglés | Subtítulos en español | **Estrea en España**

Dirección, guión e montaxe: Matthew Barton **Producción:** Société Acéphale **Fotografía:** Marcus Autelli **Xénero:** Documental **Con:** Arsalan Kahn, Josh McDonald

Vai de: A adversidade xera escapismo. O exercicio libera estrés. O inminente desaloxo da Xungla de Calais vivido a través do prisma do club de boxeo do campamento.

Premios: *Mención Especial no festival Partie(s) de Campagne, Francia.*



Coloquio no Torreiro David Trueba

Sábado 25 | 12.00 h. | Torreiro de Cans



David Trueba (Madrid, 1969) é director de cine, pero tamén é moitas máis cousas. **Xornalista, escritor, guionista ou dramaturgo**, ámbito no que acaba de debutar coa obra “Los Guapos”. Como **novelista**, foi Premio Nacional da Crítica en 2008 co libro “Saber perder”.

Dotado dunha irrefrenable fecundidade creativa, David Trueba **dirixiu quince filmes, escribiu seis libros de narrativa, numerosos artigos xornalísticos e ata letras de cancións**. Empezou no cine facendo curtametraxes e despois como guionista de filmes como *Amo tu cama rica* (1992) ou *Los peores años de nuestra vida* (1994), ou *Two Much* (1995), *La niña de tus ojos* (1998) ou *Balseros* (2002), único documental español nominado aos Oscar.

Foi director de filmes como *Soldados de Salamina* (2003), *Madrid, 1987* (2011) ou a marabillosa *Vivir es fácil con los ojos cerrados*, pola que en 2013 ganaría tres Goyas, a mellor filme, mellor director e mellor guiión orixinal.

O seu último filme ata a data, “Sabén Aquell”, arredor do humorista Eugenio, valeulle nada menos que once nominacións nos últimos Premios Goya.

Será un honor recibir nos coloquios de Cans a David Trueba, coñecer máis de cerca o seu proceso creativo, saber cómo se escriben filmes “que non descarten a ningún espectador”, como a él lle gusta dicir, e poñerlle unha estrela no Torreiro á beira da do seu irmán Fernando Trueba.



Encontros Dálle caña! Realizadoras e realizadores

Nos encontros Dálle caña! xuntamos aos realizadores e realizadoras das categorías a competición para compartir unha cervexa Estrella Galicia e falar co público sobre as súas creacións nun ambiente ameno e distendido.

- Encontro coas realizadoras e os realizadores de Novas Camadas

Mércores 22 | 16.00 h. | Torreiro de Cans

- Encontro coas realizadoras e os realizadores dos videoclips a concurso

Xoves 23 | 19.00 h. | Auditorio Centro Cultural Municipal do Porriño

- Encontro coas realizadoras e os realizadores das seccións Ficción e Animación

Sábado 25 | 16.00 h. | Torreiro de Cans

- Encontro coas realizadoras e os realizadores da sección FuraCans

Sábado 25 | 17.30 h. | Torreiro de Cans



Iván Arpa

Encontros Fundación AISGE



A fundación AISGE, que xestiona os dereitos de propiedade intelectual dos intérpretes, dobladores, bailaríns, e directores de escena de Galicia apadriña, un ano máis, unha serie de coloquios que nos achegan aos retos e desafíos que deben afrontar, ou que dan a coñecer importantes iniciativas culturais do sector.




Deborah Vukusic

Actores e actrices, profesión de risco

Mércores 22 | 12.30 h. | Baixo de Carlos

Coa presenza de Iván Arpa, Eduardo Rodríguez 'Tatán', e Deborah Vukusic.

A Fundación AISGE ven de publicar o novo Informe sociolaboral de actores, actrices e bailaríns en España. Un documento que reflicte a situación actual a partires de exhaustivas enquisas aos seus socios e socias. Pódese vivir da arte? A que responde a brecha de xénero na interpretación? O coordinador do informe, e responsable da Área Asistencial de AISGE, Iván Arpa, porá luz neste coloquio que compartirá con dous intérpretes ben queridos na profesión: Eduardo Rodríguez 'Tatán' e a tamén directora e escritora Deborah Vukusic.



Celso Bugallo | Diego Bárcena

A memoria escoitada

Xoves 23 | 11.30 h. | Torreiro

Coa presenza de Isabel Blanco, Celso Bugallo e Diego Bárcena.

Oito libros autobiográficos do #TallerDeLaMemoria da Fundación AISGE, con protagonistas galegos, teñen a súa versión en formato audiobook. Dorotea Bárcena, Manuel Lourenzo, ou Pilar Pereira, da que temos unha rúa no Festival de Cans, son os protagonistas das historias da escena galega. O actor Celso Bugallo (El caso Asunta), e a actriz, e delegada da Fundación AISGE, Isabel Blanco, contaranos como levaron a cabo este ambicioso proxecto. Contaremos tamén coa presenza de Diego Bárcena, fillo de Dorotea, que pon voz no audiobook da súa nai.



Tamar Novas | María Vázquez

Díálogo entre Tamar Novas e María Vázquez

Venres 24 | 13.00 h. | Torreiro

Un ano máis, o actor Tamar Novas é o anfitrión do tradicional coloquio entre actores dos venres de Cans. Este ano convida a actriz máis exitosa do momento, María Vázquez, a unha charla sobre os traballos menos visibles da súa profesión e as inquiredanzas de ambos como intérpretes. Unha ocasión única para escoitar a amena conversa entre dous actores galegos cunha chea de recoñecementos nacionais e internacionais. Despois do éxito, que vén?



MASTERCLASS

Subtitulado e audiodescripción

Martes 21 | 12.30 h. | Baixo de Carlos

Con Pablo Romero-Fresco

A metodoloxía que en materia de subtitulado, audiodescripción e accesibilidade está a desenvolver o cineasta e investigador Pablo Romero-Fresco, fai que sexa unha das máis avanzadas do mundo neste eido.

Este investigador traballa en achegar o cinema a persoas con diversos graos de discapacidades, que van de persoas xordas a persoas con problemas de visibilidade. Nesta edición, traeranos o último paso dado en materia de audiodescripción, que chamou a atención de grandes produtoras ou plataformas de contidos como Netflix. Partirá de exemplos utilizados no seu filme *Donde acaba la memoria*, en diálogo con outrxs realizadorxs e produtorxs.



Suso Novás

MESA PROXECTA

Programadores de festivais, ¿anxos ou demos?

Xoves 23 | 10.30 h. | Baixo de Carlos

Coa presenza de Suso Novás, director artístico do Festival Novos Cinemas; Ana David, programadora da sección Panorama da Berlinale e Batalha, Centro de Cinema; e Andrea Franco, programadora no FICX (Xixón), Márgenes, Intersección e Cans.

Proxecta, coordinadora galega dos festivais de cinema, organiza un novo encontro para poñer sobre a mesa as decisións e desafíos aos que se enfrontan os programadores á hora de seleccionar os títulos que exhibe un festival. Cuestións como a variedade de temas, xéneros ou nacionalidades; o equilibrio entre homes e mulleres; os riscos de apostar por filmes polémicos; a necesidade de contar con determinado número de estreos; as estratexias para chegar a certos públicos... son só algunhas das obrigas e intereses que todo festival debe asumir para poder existir.



Ana David



Andrea Franco

CAFÉ CON CREA

Société Acéphale

Venres 24 | 10 h. | Baixo de Carlos

Coa presenza de Anthony Lapia, Camille Degeye e Lorenzo Bianchi (Société Acéphale) e o cineasta galego Xoán Escudero.

O cineasta Xoán Escudero, membro de CREA, guiará este encontro para coñecer a forma de traballo dos protagonistas da nosa retrospectiva internacional, unha produtora onde os membros participan en case todos os roles da creación audiovisual -dirección, guión, produción, montaxe... como amigos, pero sobre todo como cómplices na creación dun tipo de cinema independente de gran forza visual e sutil liña política. Outros membros da produtora (Eliza Muresan, Matthew Barton e Natalia Wiszniewska) estarán entre o público para propoñer este intercambio de ideas con cineastas doutros países, nun coloquio aberto a público e profesionais..



Société Acéphale

A que andas?

Venres 24 | 11.30 h. | Baixo de Carlos

Coa presenza de *Álvaro Pulpeiro, María Yáñez, Noemí Chantada, Eloy Enciso, Pedro Díaz e Sara Casanovas.*

“A que andas?” é unha pregunta moi galega e que se escoita a miúdo no audiovisual para saber que andan a argallar os cineastas. De aí nace esta proposta que pretende poñer en valor os guións dos filmes cuxa data de rodaxe está próxima. **Unha actividade en colaboración coa Asociación Sindical Galega de Guionistas (AGAG).**



PETRÓLEO

Dirección e guiión: *Álvaro Pulpeiro.*

Cineasta galego afincado entre Madrid e Barranquilla que este ano participa na quinta edición de Residencias da Academia do Cine Español.

Vai de: Impulsado pola crise enerxética, Juan (36), un enxeñeiro enviado desde occidente, penétrase en Venezuela coa tarefa de avaliar un dos maiores xacementos petroleros do mundo. Tras unha vertixinosa viaxe é incapaz de levar a cabo o estudo e, temendo a traizón do seu contacto local, foxe auxiliado por Andrea (30), unha moza que emprende o seu propio camiño ao exilio.

Estado: *En fase de financiación.*



ANA E MÁIS NÓS

Dirección: *María Yáñez.* **Guiión:** *Cibrán Tenreiro e María Villamarín.*

María Yáñez, xornalista e guionista, participa en proxectos que visibilicen a cultura galega fóra de zonas de confort. En 2014 dirixiu o documental Canca-sete, sobre o Festival de Cans.

Vai de: Ana Kiro, gran estrela da canción en galego, que forxou o seu status de diva popular nos anos 70 e 80, percorrendo as verbenas de Galicia e actuando diante de milleiros de persoas para a emigración galega en Europa e América Latina. Un ensaio cinematográfico sobre o poder emocional da chamada “canción lixeira”, nunha cultura minorizada e marcada polos procesos migratorios.

Estado: *En fase de desenvolvemento.*



A RAÍZ

Dirección e guiión: *Noemí Chantada.*

Unha cineasta ben coñecida en Cans, onde tivo un enorme éxito coa curta “Xoves de comadres”, que acadou catro premios en 2020, e a Biznaga de Prata no Festival de Málaga. Coa súa anterior curta, “A muller invisible” (2018), xa obtivera en Cans unha Mención Especial.

Vai de: Tres semanas despois da morte da súa nai, unha filla comeza a recoller todos os enseres que deixou na súa casa. Neses momentos duros comezan reflexións que van desde a culpa ao amor por unha nai.

Estado: *en fase de desenvolvemento.*

A que andas? (continuación)

Venres 24 | 11.30 h. | Baixo de Carlos



TODO É CÁRCERE

Dirección e guión: Eloy Enciso.

O director de Arraianos (2012) e Longa Noite (2019) volve a indagar no inferno da guerra civil española a través dunha serie de lugares de memoria hoxe reconvertidos ou esquecidos.

Vai de: Unha viaxe por Galicia e o territorio español a partir dos lugares nos que existiron campos de concentración e prisións franquistas. Poñendo en conversación os relatos sobre o día a día daquela reclusión, co estado e usos deses espazos hoxe en día, a película pon de manifesto a extensión e magnitude dun dos episodios máis escuros e descoñecidos do franquismo.

Estado: en preproducción.



SERENADE

Dirección e guión: Pedro Díaz.

Primeira longametraxe deste autor que participou en Cans en varias edicións. O seu último traballo, "La Entrega", tivo a súa estrea absoluta en Cans, onde recibiu o Premio do Público, para logo rematar entre as nominadas ao Premio Goya á Mellor curtametraxe.

Vai de: Na Galicia dos anos 90, unha avoa, unha nai e unha filla, ventando unha morte cercana, ven como se tambalea o seu sistema de crenzas e o cuestionamento dos seus valores tradicionais.

Estado: en desenvolvemento.



ALEVOSÍA

Dirección e guión: Sara Casasnovas.

Alén da súa carreira como actriz, presenta o proxecto co que salta á longametraxe, tras anteriores curtas tamén proxectadas en Cans, sendo noutras ocasións xurado do Festival.

Vai de: Un fan namórase do personaxe dunha telenovela e, obsesionado por posuílo, trata de secuestrar á actriz que o interpreta. Traballo que reflexiona sobre o fenómeno fan, os danos colaterais da fama e a industria do espectáculo. Un retrato do acoso a artistas mediáticos, a progresiva perda de liberdade persoal a medida que a audiencia sente ao "personaxe" da súa pertenza e a consecuente invasión do seu espazo íntimo. Fundamentada na voz lexítima dun caso real.

Estado: En búsqueda de produción.

Fillas e Fillos de Cans



Venres 24 | 16 h. | Baixo de Carlos

Esta sección, feita *coa colaboración de CREA (Asociación galega de profesionais da dirección e realización)*, é un dos grandes escaparates dos filmes que en poucos meses chegarán ás pantallas. Volveremos gozar de imaxes inéditas de filmes: algo emocionante, un feito sempre máxico para os cinéfilos.

Coa presenza de: Margarita Ledo, Miguel Ángel Delgado, Fran Rodríguez e Coral Piñeiro, Xosé Zapata, Ariadna Silva e Alejandro Gándara.



PREFIRO CONDENARME

Coa presenza da directora, Margarita Ledo.

O Festival de Cans mostrará as primeiras imaxes inéditas do novo filme de Margarita Ledo, "Prefiro condenarme", cuxo rodaxe se realizou nos meses de xaneiro e febreiro. Margarita Ledo foi Premio Pedigree de Honor do Festival de Cans en 2022, ano no que o certame adicou unha retrospectiva a súa obra realizada en pezas curtas.

Dirección: Margarita Ledo. **Producción:** Nös. **Xénero:** Documental.

Vai de: Tras filmes de fonda pegada feminista que provocan no espectador reflexións a longo prazo, como "A cicatriz branca" ou "Nación", Margarita Ledo regresa cunha historia onde as mulleres volven a estar no centro do relato.

Estado: en fase de postproducción.



SAN SIMÓN

Coa presenza do director, Miguel Ángel Delgado.

O cineasta leonés Miguel Ángel Delgado, que pasou por Cans tamén noutras edicións, acaba de rematar o rodaxe na Illa de San Simón.

Dirección e guión: Miguel Ángel Delgado. **Producción:** Miramemira e Morelli Producciones. **Xénero:** Ficción, Drama.

Vai de: Un traballo onde indaga na memoria da Illa con toda a súa carga simbólica, marcada como lazareto ou como lugar de represión durante o franquismo.

Estado: en fase de montaxe.



DA TÚA MAN PARA A MIÑA

Coa presenza dos directores, Fran Rodríguez e Coral Piñeiro.

Primeira longametraxe documental desta parella de mozos cineastas que forman parte da interesante iniciativa Cinema Memoria, creada para traballar coa memoria democrática. Coral Piñeiro, codirectora da curta "Mariví, na pel da memoria", levou o ano pasado o Premio do Xurado na competición de Furacáns.


Dirección e Guión: Fran Rodríguez e Coral Piñeiro. **Xénero:** Documental experimental. **Producción:** Miramemira.

Vai de: Proxecto que indaga na memoria da aldea natal dos autores, Traspuelas, no interior despoboado da provincia de Pontevedra.

Estado: en fase de postproducción.

Fillas e Fillos de Cans

Venres 24 | 16 h. | Baixo de Carlos



THE CHESSKID

Coa presenza de Xosé Zapata.

Dirección e guión: Xosé Zapata e Lorenzo Degl'Innocenti. Despois de ter acadado en 2022 o Premio Goya á Mellor curta de animación con The Monkey (Premio do Público en Cans), a dupla formada polo galego Xosé Zapata e Lorenzo Degl'Innocenti regresa ao festival para presentar as primeiras imaxes da súa nova longametraxe, The Chesskid.

Vai de: O filme parte da curtametaxe anterior "Mr. Fischer's Chair", sobre a mítica partida de xadrez entre Bobby Fischer e Boris Spassky. O proxecto será coproducido polo mesmísimo Woody Allen, quen tamén puxera á súa voz en off na curta.

Estado: *en desenvolvemento.*



360 CURVAS

Coa presenza de Ariadna Silva e Alejandro Gándara.

Dirección e guión: Ariadna Silva e Alejandro Gándara. Ariadna Silva, cun interesante traballo como fotógrafa, participou en dúas edicións na categoría Furacáns do Festival de Cans. Alejandro Gándara, pola súa banda, foi codirector do documental "Dorothee na vila", que pasou por varios festivais galegos.

Vai de: Documental que recolle a singular historia das loitas sociopolíticas de A Fonsagrada na década dos 90 do pasado século. Unha historia de reivindicacións fronte o abandono, o illamento e a ameaza de despoboamento.

Estado: *en montaxe.*



ANTÍA MUÍÑO



PEON KURTZ DJ



THE RAPANTS



HYDN



MEDIAREA

Música e Actuacións desta edición



COMBO PARADISO



LONTEIRA



NAT SIMONS



ESCUCHANDO ELEFANTES



SU GARRIDO POMBO



SUSANA SEIVANE CUARTETO



SEÑORA DJ



MARTES 21 E MÉRCORES 22



Antía Muiño

Martes 21 | 21.00 h. | Centro Cultural do Porriño

Unha das voces do documental “Acordamos”, que se proxectará antes da actuación, é un novo talento da canción galega. A artista compostelá ha conseguido renovar a canción galega con elementos do jazz vocal, o folk americano, a canción ibérica, a bossa nova ou o fado. Na súa doce voz, podemos atopar ecos de Norah Jones, Silvia Pérez Cruz, Luz Casal ou Diana Krall. Despois dun álbum debut (“Carta Aberta”), con máis de 2 millóns de reproducións en Spotify, vén de presentar o seu novo sinxelo, “O paxaro”.



Homenaxe a Kepa Junkera e ruada musical

Mércores 22 | 18.00 h. | Torreiro de Cans

O festival de Cans rinde homenaxe ao músico de folk Kepa Junkera, tras sufrir un ictus devastador, bautizando co seu nome o Jaliñeiro de Cans, onde tivo lugar unha memorable actuación no ano 2014. Ademais de acompañarnos polos camiños de Cans cos acordeóns de Os Petóns de Saiáns, a homenaxe completárase coa proxección, ás 19.00 no Baixo de Carlos, de dúas pezas documentais sobre o artista (ver páx. 27).



AcordeCans e Pandereteiras

Mércores 22 | 21.30 h. | Torreiro de Cans - Noite das veciñas e veciños

O Festival comeza oficialmente coa actuación emocionante das Pandereteiras e de AcordeCans. Dúas formacións dunha vintena de veciños e veciñas cada unha que reflicten a identidade e os sons de Cans con instrumentos como a gaita, o acordeón, o tambor, o bombo e as culleres. O seu repertorio consta de música tradicional galega e composicións propias que poñen a todos os veciños a cantar.





XOVES 23 E VENRES 24

Banda de gaitas Os Zoqueiros

**Xoves 23 | 20.00 h. | Pasarrúas cos chimpíns
Dende a Praza do Arquitecto Antonio Palacios**

Os zoqueiros, a banda de gaitas do Porriño, comandada polo artesán Xosé Manuel Gil, guiará o clásico desfile de chimpíns dende a Praza do Arquitecto Antonio Palacios ata o Círculo Recreativo Cultural do Porriño.



Noite Lasal con Hydn

Xoves 23 | 21.30 h. | Praza do Concello

Antes de dar comezo ao concurso de videoclips disfrutaremos da actuación da coruñesa Sandra Guedev, máis coñecida como hydn (pronunciado como “hidden”). Cargada de sensualidade e misterio, a posta en escea e a narrativa de hydn mergúllanos no seu tenebroso imaxinario de inspiración mitolóxica. Temas como o empoderamento, a sexualidade, a saúde mental ou o amor, musicalmente influídos por bandas como The Weekend ou Kali Uchis pero cantados co seu particular “gallenglish”, non deixan indiferente a ninguén.



Lontreira

Venres 24 | 20.00 h | Torreiro de Cans

Dende a súa aparición oficial no verán de 2022, a banda de Arousa é unha das bandas máis prometedoras do panorama galego. O seu son combina a música tradicional coa electrónica, mezclando poemas e cancións que narran as singladuras da vida a través das conexións cos espazos naturais que os rodean. Advirten que non hai dous concertos iguais, e que cada directo ofrece unha posta en escena única.





VENRES 24 NOITE



Treboada Muimenta

**Venres 24 | 21.30 h | Pasarrúas cos chimpíns
Apadriña Concello de Tomiño**

A agrupación de bombos de Sobrada - Tomiño, que percorre habitualmente as comarcas do Baixo Miño, acompañará o desfile dos chimpíns polas rúas e camiños de Cans. Os seus 22 membros, de idades que van dende os 7 ata os 60 anos, darán boa mostra do folclore galego.



Combo Paradiso

Venres 24 | 23.30 h | Espazo Estrella Galicia da Leira do Río



Catro dos máis grandes músicos do soul e o rock nacional -Juan Zelada, Julián Maeso, Adrián Costa e Alberto Anaut-, forman o mellor combo imaxinable cun novo e refrescante proxecto en castelán cuxo nome evoca as raíces latinas dos seus compoñentes, aquí mesturadas con influencias afroamericanas e anglófilas, sen renunciar ao estilo de cada un. Despois de gravar un primeiro disco nos Estudos do Náutico de San Vicente, en 2024 regresan, da man de Calaverita Records, con "Todo bien todo el rato", producido por Pablo Díez nos Cool Mood Studios.



The Incredible PeonKurtzDJ



Venres 24 | 01.00 h | Espazo Estrella Galicia da Leira do Río

Curtido en mil e unha cabinas e festivais, The Incredible Peon Kurtz DJ é un valor seguro á hora de poñer a bailar ao persoal. Nas súas sesións mestúranse o funk, o disco, o house, o hip-hop e hits de todos os tempos. Ningunha sesión é igual á anterior e os teus pés non deixarán moverse.



SÁBADO 25 · DÍA GRANDE



Sesión vermú Mediarea



Sábado 25 | 13.30 | Torreiro

O día grande do festival arranca da man de Mediarea: Gael Pérez (gaita), Luís Malvido (bombo), Zé Pumar (acordeón) e Rodri Martínez (percusión), unha formación que reivindica a música patrimonial galega, pero con novas e frescas melodías. Mediarea se define como “un viño novo cargado coa marca da terra que o viu nacer; un conxunto que gaña co tempo, que madura e adquire matices, que asenta e deixa pouso”. No 2023 publican o seu primeiro LP, “Sebo de Ghrilo”.



A vacaloura vermella

Sábado 25 | 17.00 | Leiriña do Parque do Río

Misturando composicións propias con éxitos da tradición popular, a banda formada por Daniel e David Burgos, Paco García Cobas, Noé Cabaleiro e Iñaki Prieto, leva máis de dez anos amenizando todo tipo de espectáculos. Este ano aterrizan en Cans coas súas gaitas, bombos, tambores, pandeiretas, claves, whistle, ukelele e acordeón. Alegría e festa asegurada.



Nat Simons



Sábado 25 | 19.00 | Espazo Estrella Galicia da Leira do Río

Nat Simons está chamada a ser unha das sensacións do ano. A artista derivou desde un rock rasgado a un pop marcado polas voces de muller no seu novo disco -e libro- “Felinas”, un ambicioso proxecto no que colabora con artistas da talla de Cherie Currie (The Runaways), Nina de Juan (Morgan), ou Anni B. Sweet. Na Leira do Río brillará cos seus sons setenteros, con ecos do punk ou dun rock clásico e melódico que vai dende Fleetwood Mac a Tom Petty, pasando por Blondie e Patti Smith.



A organeta de Pulpiño Viascón

Sábado 25 | 20.00 | Leiriña do Parque do Río

Marcos Aboal Vázquez (Pulpiño Viascón), chega a Cans coa súa Organeta, un divertido órgano de Barbaria dos anos 60 que toca música de todo o mundo: swing, forró, rock, folk... con percusión automática e motorizado. Un carriño musical con motores eléctricos reciclados, restaurado polo propio Pulpiño Viascón, con bocina, máquina de pompas e luces led, cheo de instrumentos máxicos, serrucho musical, trikítixa, etc. ¡Leva a ledicia por onde pasa!



SÁBADO 25 · DÍA GRANDE (continuación)



Escuchando Elefantes

Sábado 25 | 21.00 h. | Torreiro de Cans

O dúo galego chega a Cans para presentar a xira “Eterno abrazo”, unha proposta musical para celebrar un momento íntimo co público. Despois de anos de distancias forzadas, evitando o contacto físico e sen música nas salas, esta xira reivindica a cercanía. O directo máis espido e esencial de Escuchando Elefantes: as súas voces, case sen microfónica, unha guitarra acústica e unha pequena batería, serán os únicos elementos deste concerto singular.



The Rapants

Sábado 25 | 00.00 h. | Espazo Estrella Galicia da Leira do Río

The Rapants son sen dúbida o grupo galego do momento. Teñen pasado polos mellores festivais de Galicia, creando unha comunión única co público. Despois dun ano con máis de 38 concertos (Son do Camiño, Festival Noroeste, Río Verbena, Revenidas...) chegan a Cans ca súa mezcla de pop, garage e disco, en galego e castelán. A banda de Muros presenta a súa xira, “La máquina del buen rollo”, segundo LP, producido por Paco Loco, cas letras máis obscuras dos rapantes, definidas por eles mesmos como “cancións tristes para corazóns de after”.




Señora DJ

Sábado 25 | 01.30 h. | Espazo Estrella Galicia da Leira do Río

O estilo de Raquel R. Soto (Señora Dj) entrelaza diversos sons que poden iniciar con indie, explorar o pop e o urbano, e logo desatar a euforia co disco, o techno e mesmo un toque de petardeo fino cando a ocasión requireo. Con eleccións maioritariamente femininas, gusta de incluír grupos como Grande Amore, Fillas de Cassandra, Baiuca, ou Hydn... transmitindo desde o escenario, a súa característica electricidade.





O INVERNADOIRO

E O JALPÓN DE JUAN E MUCHA DO PESO

Nos últimos anos, o Invernadoiro converteuse nun dos espazos máis icónicos do Festival de Cans. O Jalpón de Mucha e Juan e o invernadoiro onde un día cultivaron caraveis son espazos ideais para darlles outra dimensión a música e imaxes.



Proxección documental + Concerto

SU GARRIDO POMBO

Sábado 25 | 17 h. | Jalpón e invernadoiro de Juan e Mucha do Peso

O proxecto 'Patios de luz' nace a finais do 2021 da man de Su Garrido Pombo (Música) e Fran Rodríguez Casal (Audiovisual). Xuntos comezan unha xira de concertos acústicos en patios de luces e espazos comunitarios, con temas que falan do íntimo, do cotiá, do feminino, das veciñas, ao son da guitarra e os pedais de efectos da artista. Cancións que recolle nun álbum homónimo, publicado en 2023 e gañador do Premio Martín Códax da música na categoría Canción de autora.



Documental "Patios de luz"

2024 | 14' | España | Galego | Estrea absoluta

Presentado polo director Fran Rodríguez e a cantante Su Garrido Pombo

Dirección, fotografía e montaxe: Fran Rodríguez Casal **Producción:** Marco Maril **Guión:** Su Garrido Pombo **Música:** Álbum Patios de luz **Vai de:** Patios de luz é unha viaxe, un diario de vida, sobre a emigración rural ás cidades usando as miñas avoas como exemplo. O camiño que vai dende a aldea ó barrio dunha cidade é o punto de partida, dende os eirados ata os patios de luces. Narrado cunha linguaxe poética que se fixa nos matices, nos cambios visuais e sonoros, na luz, buscando imaxes íntimas e espontáneas como a vida, os patios de luces convértense en anfiteatros comunitarios para aquelas que non volveron.



Proxección documental + Concerto

SUSANA SEIVANE Cuarteto

Sábado 25 | 20 h. | Jalpón e invernadoiro de Juan e Mucha do Peso


En 'Sete', o seu séptimo álbum, a gaiteira Susana Seivane achégase a enfoques contemporáneos, máis sonoros e vibrantes, cun contido máis grave e poderoso, pero sen perder a esencia da autenticidade da súa interpretación. Un álbum ideal para celebrar en Cans os 25 anos de carreira desta artista imprescindible.



Documental "Son Seivane"

2024 | 18' | Estrea absoluta

Dirección: Xosé Antón Bocixa. **Producción:** Tingaralanga Audiovisual **Con:** Álvaro Seivane, Saínza Seivane, Xosé Manuel Seivane, Patricia Hermida, Xurxo Souto, Manolo Maseda, Fani Ramos. **Vai de:** Nacida no seo dunha familia cun obradoiro histórico de gaitas, no ano 1999, en pleno "boom das gaitas", Susana Seivane saca o seu primeiro disco e arrinca unha traxectoria que a vai converter nun nome imprescindible da música tradicional en Galicia.



O INVERNADOIRO (continuación) E O JALPÓN DE JUAN E MUCHA DO PESO

Nos últimos anos, o Invernadoiro converteuse nun dos espazos máis icónicos do Festival de Cans. O Jalpón de Mucha e Juan e o invernadoiro onde un día cultivaron caraveis son espazos ideais para darlles outra dimensión a música e imaxes.

Retrospectiva videoclips LONTREIRA

Venres 24 | 18 h. | Cuberto de Juan e Mucha do Peso

Aproveitando a actuación en Cans de Lontreira, un dos grupos galegos do momento, o Festival de Cans propón un achegamento ao traballo audiovisual para poñer no foco a evolución dos seus videoclips. Unha obra marcada polas cores saturadas, o mundo rural, a paisaxe natural co mar de Arousa moi presente, coidadas escenografías e poses moitas veces voluntariamente hieráticas.

Unha escolma que vai das primeiras colaboración de Héctor Rodríguez ROTCE con Adri Coyote (Adriana Cores), que nos introducirían nos seus clips e as suas músicas que van do electrofolk ao neotechno pasado polo filtro da psicodelia.

PEZAS:


1. ROTCE, "Hidro Disco" (Año 2023, 2 min. 20 seg.)
2. ROTCE, ADRI COYOTE, DINOSOR, "Phantom of the Operave" (ano 2022, 2 min 01 seg.)
3. ADRI COYOTE, "La Lágrima" (Año 2022, 2 min. 25 seg.)
4. LONTREIRA, "Corazón de Toxo" (feat. La Quinillada) (Año 2022, 2 min. 30 seg.)
5. LONTREIRA, "A Fonte" (Año 2022, 3 min. 06 seg.)
6. LONTREIRA, "Lentes de lúa" (Año 2023, 3 min. 10 seg.)
7. LONTREIRA, "Campo da Festa" (Año 2023, 2 min. 25 seg.)



Lontreira



Fotograma de "Campo da festa"



Fotograma de "Lentes de lúa"

GADIS



Espectáculo musical “A Maleta De Caxide” Carlos Quintá

**Sábado 25 | 13.30 h. | Cuberto de Antonio
Apadriña a Secretaría Xeral de Política Lingüística**

Excepcional acordeonista e violinista, Carlos Quintá proponnos en Cans un espectáculo familiar participativo e imaxinativo no que vai tirando das historias maravillosas que saen da maleta de Caxide, o nome do seu avó. Música, marionetas, instrumentos lúdicos como o reco-reco e fascinantes historias ilustradas que parten do mundo rural, baseadas na literatura de cordel que se usaban nos antigos cantares de cego e poden considerarse a prehistoria dos story-boards utilizados na preproducción das películas.



A Caixiña dos Mistos

**Curtametraxes de animación
Sábado 25 | dende as 16.00 h. | A Leiriña do Parque do río**

Selección de curtametraxes de animación para público infantil no interior dunha vella caravana dos anos sesenta, acondicionada como sala de cinema, á que só se poderá entrar en grupos reducidos.



Obradoiro de cinema e barro

Sábado 25 | dende as 16.00 h. | A Leiriña do Parque do río

O artesán e profesor Ricardo García é o derradeiro membro dunha familia de oleiros. En Cans impartirá un obradoiro onde o barro, o cinema e os emblemas do festival se fundirán nunha soa idea. Un taller lúdico e didáctico, para modelar co barro as estrelas do Torreiro, a silueta do can de Cans ou claquetas co nome do teu filme favorito.

GADIS



Polo Correo do Vento

"Antonio Palacios, o inventor de casas de cine".

Sábado 25 | 16:00 h. | Cuberto de Pato

Con motivo do 150 aniversario do nacemento do arquitecto porriñés Antonio Palacios (1874-1945) o Festival de Cans e os contadores e debuxantes de Polo Correo do Vento, únense para promover este espectáculo didáctico, baseado na arquitectura e no cinema.

Un xeito didáctico e participativo de explicar o oficio de debuxante e inventor de casas, un arquitecto, e como os montes de granito de Cans e O Porriño influiron en Palacios, o arquitecto que fixo os edificios máis emblemáticos de Madrid, presentes en películas de Fernando León, Álex de la Iglesia ou Pilar Miró.

Unha historia entre arquitectura e cinema, con historias contadas de xeito divertido, partindo de estruturas de debuxos semellantes aos story boards que guían as rodaxes dos filmes.



Cine de historias da man de Alice Guy

Sábado 25 | 20.00 h. | Cuberto de Pato

A contadora Raquel Queizás achéganos a Cans un espectáculo que mistura cinema e oralidade. Partindo de proxeccións e narración oral, Raquel Queizás descubrirá ás nenas e nenos a figura da cineasta pioneira do cinema Alice Guy. Cunha interesantísima e prolífica obra que abrangue multitude de xéneros, Alice Guy foi inxustamente esquecida e este espectáculo quere visibilizar dun xeito didáctico oo traballo desta pionera invisibilizada



CANS DO FUTURO

Apadríña Secretaría Xeral De Política Lingüística



PROXECCIONS:

Martes 21 | 10 e 12 h. | Baixo de Bugarín

Xoves 23 | 10 e 12 h. | Baixo de Bugarín

Venres 24 | 10 e 12 h. | Baixo de Bugarín

Ao longo das matinais do festival, perto de 800 estudantes de colexios e institutos pasarán por esta sección que ten como obxectivo achegar aos máis novos ao cinema e coñecer máis de cerca o Festival e a aldea.

REC.Curta

Apadríña Secretaría Xeral de Política Lingüística

Martes 21 | 10 h.

Co obxectivo de fomentar a creación do audiovisual en galego entre o alumnado dos colexios de Escolas Católicas, o seu departamento de Dinamización, en colaboración coa SXPL, organiza o certame REC.curta para estudantes desde 1º de ESO á Bacharelato e FP. Ademais do concurso de curtas, os participantes farán unha visita guiada polo Festival e asistirán a charlas e encontros con invitados.

Nós tamén creamos

Apadríña Secretaría Xeral de Política Lingüística

Martes 21 | 10 h.

Proxección das curtas gañadoras do concurso de creación de curtas en stop motion que convoca a SXPL, no que participan numerosos centros públicos de educación infantil e primaria de Galicia.

Oficios Invisibles

Ó longo de tres días, pasarán polo festival mulleres do audiovisual galego que darán a coñecer a estudantes e público en xeral un traballo afastado dos focos; oficios invisibles pero esenciais na realización de calquera filme. Este ano nos visitarán Noemí Chantada, Analía G. Alonso e Olalla Sánchez.



Noemi Chantada

A cineasta Noemi Chantada nos achegará á labor de dirección de cásting. Alén de todos os postos nos que traballou Noemi ao longo da súa carreira -guionista, directora (La mujer invisible; Xoves de Comadres...), productora, directora de fotografía e cámara-, en 2022 comeza a dar pasos como directora de casting na película O Corno, de Jaione Camborda, posto que continúa desenvolvendo coa produtora Miramemira. Actualmente traballa no laborioso proceso de casting de "Romería", o novo filme de Carla Simón.

Como se escolle e cal é a estratexia para facer un cásting? Como se fai para detectar o potencial de actores e actrices que van traballar por vez primeira? Como son as audicións e os procesos de selección?



Analía G. Alonso

En 2014 funda a produtora Y la nave va, e desde entón compaxina os seus proxectos propios, con outras tarefas de produción en filmes de cineastas como Oliver Laxe, Ángel Santos, Santos Díaz, Samuel Lema, Xoán Escudero ou David Hernández. Na actualidade é **coordinadora de desenvolvemento e produción no departamento de cinema de Miramemira**, coordinando proxectos como Sica de Carla Subirana, Ana e mais nós de María Yáñez, ou O corno de Jaione Camborda, e como codirectora de produción na longametraxe San Simón de Miguel A. Delgado. Que significa a palabra "produción"? Cando comeza e cando acaba un filme? Como se fai?



Olalla Sánchez Varela

Leva desde o ano 2009 traballando como script en series de ficción para Tv e plataformas: Libro de Familia, A Saga, Serramoura (TVG); Agua seca (HBO); O sabor das margaridas, Animal Salvaje (Netflix); Rapa (MOVISTAR+); Los enviados (PARAMOUNT+); Los argonautas y la moneda de oro (TVE); e en películas como: Benidorm mon amour, Sofía Casanova, Cuñados, + Cuñados, La felicidad de los perros, Malencolía ou San Simón. Pero que é iso de script e por qué é tan importante para non haxa erros na continuidade do filme?



LENDOCINE

Xoves 23 | 17. 30 h | Botica Nova, Parque do Cristo

Con **Manolo González, Alba Cantalapiedra, Pepe Coira, Nuria Díaz, Xulio Teixeira, David Calviño, Rubén Rial e Suso Iglesias.**


Libros para asinar os autores, dispoñibles na Librería Paz, á beira da Botica Nova

Encontro con autores de novidades editoriais que teñen coo eixo a temática do cine: do ensaio aos libros ilustrados, da narrativa aos fanzine. Un ano máis, a cita volve a congregarse fronte a Botica Nova, o emblemático edificio de Antonio Palacios, icono do eclecticismo dos primeiros anos do século XX, célebre polas tertulias intelectuais que alí se celebraban.



***O Beshi de Galicia. O arrebaio cinematográfico de Rey Soto* (Alvarelos, 2023), de Manolo González.**

Antonio Rey Soto foi un inaudito e pioneiro director de cinema galego, cunha vida pouco convencional. Cura, poeta, bibliófilo apasionado, bohemio, seductor e sibarita. Toda unha celebrity dos anos vinte do pasado século, que emprendeu un proxecto singular: fundar en Vigo a produtora Celta Film e rodar a película Un viaje a través de Galicia y Asturias (hoxe perdida), coa que fixo unha xira promocional por toda América en 1923. Cunha extraordinaria oratoria, Rey Soto actuaba en cada proxección narrando ao público os contidos do seu filme.




***Malditos Spoilers* (Lunwerg, 2022), de Alba Cantalapiedra e Antonio Rosa.**

¿Sabes cantos pes foron fabricados en El Señor de los Anillos? ¿Ou qué se agocha no maletín de Pulp Fiction? Malditos Spoilers é un paseo visual a través de case 100 anos de historia do cinema que leva ao lector a coñecer algunhas das obras máis icónicas da cultura audiovisual contemporánea. Un repaso arredor de Psicosis, Star Wars, El poder del Perro, Twin Peaks ou Juego de Tronos, nun libro repleto de anécdotas e curiosidades sorprendentes. Lonxe de facernos “spoiler”, os textos de Antonio Rosa e as ilustracións de Alba Cantalapiedra ábrennos as portas a unha experiencia imaxinativa e estimulante. Nunca un spoiler foi tan divertido.



***Las Costuras del guión* (Ollovivo e Tris Tram, 2024), de Daniel Domínguez.**

Edición a cargo de Pepe Coira. Libro que parte dos exquisitos textos que ao longo de anos o guionista Daniel Domínguez (1955- 2020), deixou plasmados no seu blog “La escuela de los domingos”. Apaixonado do cinema e mestre de guionistas, Domínguez amosa ao longo dun gran número de textos, o seu amplo coñecemento sobre o cinema. O seu amigo e tamén guionista Pepe Coira traballou na edición e recopilación dos textos.



***Charlie Chaplin: El pequeño vagabundo* (Libre Albedrío, 2024), de Nuria Díaz.**

A través de bellísimas ilustracións, cóntase a historia dun neno cunha infancia marcada pola pobreza e de como se vai abrindo camiño ata conseguir crear as súas propias películas, de como nace o icónico personaxe do vagabundo de gran corazón: Charlot, e dalgunha das súas achegas máis extraordinarias á historia do cinema como “Tiempos modernos” ou “El gran dictador”.



LendoCine

CANS · OPORRIÑO

21 AO 25 MAIO

XXI EDICIÓN 2024



As vidas do río (Editorial Galaxia, 2024), de Xulio Teixeira.

O porriñés Xulio Teixeira debuta na narrativa con esta novela negra que ten como protagonista ao comisario Serafín Freixeiro, cunha trama ubicada na cidade de Pontevedra e con moitas chiscadelas cinematográficas. Teixeira adopta fórmulas narrativas que beben do ámbito cinematográfico, con referencias a numerosos filmes de varias épocas. Dos spaguetti western de Sergio Leone, á David Fincher ou Christopher Nolan. Un adictivo cocktail de suspense, misterio e intriga.



Onda Vital (Editorial Baixo Terra, 2023), de David Calviño e Rubén Rial.

Publicación que rescata o espírito independente dos fanzines autoeditados, analizando o impacto da cultura audiovisual na cultura popular. Neste caso o pouso que deixou o anime xaponés en Galicia a través do impulso do mítico programa Xabarín Club. Títulos como “Bola de Dragón” ou “Shin Chan”, “Don Drácula”, ou “Conan o neno futuro” de Miyazaki. O libro conta cun prólogo de Suso Iglesias, creador do Xabarín Club, que tamén estará acompañando aos autores.



Tapas de Cine

CANS · OPORRIÑO

21 AO 25 MAIO

XXI EDICIÓN 2024



TAPAS DE CINE: O Corno

Showcooking de Estrella Galicia con Jonathan Mota de Mijo Minibar

Xoves 23 | 19 h. | Praza do Concello

Jonathan Mota, propietario e chef executivo do restaurante Mijo Minibar (Vigo) propón unha tapa inspirada nas mulleres mariscadoras, composta por unha crema de ameixas elaborada co mollo da cocción destas xunto con tripas de bacallau coa que consegue textura. A creación homenaxea a O Corno, de Jaione Camborde, ao tempo que fai unha chiscadela á conexión Galicia e Portugal.





Exposición “Cans Cartaces”

Inauguración xoves 16 de maio | 21.00 h. | Café & Brunch Saborearte

Ao longo de 21 edicións, o Festival de Cans foi un termómetro para medir a evolución do deseño de cartaces e ilustracións en Galicia. Por vez primeira, unha exposición recopila todos os cartaces, folletos de man e publicacións realizadas polo Festival de Cans, onde se aprecia o traballo de deseñadores como o *Estudio Magenta*, ou *Juancho Castaño*, ou marcas populares como *Nikis Galicia* ou *Rei Zentolo*.



Exposición “Reservoir Cans” de Carlos Lago “O Terser Home”

Inauguración sábado 18 de maio | 20.00 h. | Círculo Recreativo Cultural

Realizador de numerosos videoclips para artistas como Guadi Galego ou Xavier Díaz, Lago é tamén un namorado do cine negro clásico e, durante anos, debuxou partindo de moitas das secuencias dos filmes que marcaron a súa vida. Esta exposición, preparada polo Festival de Cans, mestura a súa obra pictórica inédita con parte do proceso creativo que utilizou para algúns dos seus videoclips, inspirada no cine negro, con retratos de numerosos homenaxeadas e homenaxeados co Premio Pedigree en Cans, e con actores e actrices asiduos do festival, como María Vázquez, Luis Zahera, Carlos Blanco ou Janet Novás.



Exposición “Cans Senior”

Martes 21 de maio | 10.30 h. | Centro de Día de Torneiros

Máis de cen persoas maiores de dez centros de día de Galicia participan na decoración do Can do festival de Cans, facendo un exercicio da súa memoria cinematográfica. Todos os Cans finalistas expóñense no centro de Día Torneiros.



Exposición de “O Bichero”

Venres 24 de maio | 19.30 h. | Cans Voulevar

Con motivo do Chimpín de Prata que recibirá o debuxante Luis Davila “O bichero”, inauguramos unha exposición ó aire libre cun total de 12 das viñetas que publico no Faro de Vigo, reproducidas en lonas a gran escala, e co cinema e o Festival de Cans como motivos principais, cos seus galiñeiros, os tractores e o noso inconfundible “agroglamour”.





V Concurso de pintura rápida “Pintar O Cine”

Xoves 23 de maio | de 15 a 21 h. | Rúa Ramón González

Un ano máis, celebramos este concurso no que os participantes teñen ata cinco horas para pintar, nas rúas do Porriño, un cadro de inspiración cinematográfica. A creación debe incluír tamén a silueta do Can de Cans. As obras expoñeranse despois nas salas de proxección do festival.



Proxecto “SENTA”

Sábado 25 | Todo o día | Diferentes espazos de Cans

A parella de arquitectos CREUSECARRASCO, propón unha reflexión en torno á condición contemplativa que teñen en común o cinema e o feito de sentarse nun banco. Por toda a aldea, os visitantes atoparán unha serie de bancos feitos con taboleiros, cadeiras e caixas das casas de Cans, que invitan a deterse, ver e escoitar.



Proxecto Cans 303

Mércores 22 | 21.30 h. | Torreiro de Cans

Cada ano, o Festival pon en marcha o Proxecto Cans 303: a realización dun documental colectivo, coa participación das veciñas e veciños de Cans e coordinado polo cineasta e videoartista Juanma LoDo, que rescate a memoria e provoque a reflexión sobre aspectos poucos coñecidos da historia da nosa aldea.

“Don Cesáreo, o cura do vespino”

2024 | 19' | Galego | **Estrea absoluta**

Coordinador: Juanma LoDo **Produción:** Asociación Arela **Equipo:** Ángel Rodríguez, Carlos Rodríguez, Fefi Domínguez, Juan Manuel López, Roi Vidal, Roberto Novás **Vai de:** Homenaxe e testemuño único do impacto que o singular “Cura de Cans” tivo na aldea. Este traballo recupera as bobinas esquecidas do magnetófono e mergúllanos nunha viaxe á memoria de Cans a través dos relatos dos veciños, que lembran os seus sermóns inspiradores, e dan conta da súa influencia e o seu legado. **O detalle:** Don Cesáreo deixou unha fonda pegada na aldea, onde foi cura durante case 40 anos, entre 1953 e 1990.



Roteiros

Roteiro cinéfilo-literario con Carlos Meixide

Xoves 23 | 10.30 h. | Saída do Torreiro de Cans

Venres 24 | 10.30 h. | Saída do Torreiro de Cans

A novela “Cans” de Carlos Meixide, cuxa trama transcorre no festival e na aldea, converteuse nun fenómeno da autoedición, rebasando os 3.000 libros vendidos. Os lugares da aldea, o cinema e moitos personaxes identificables mestúranse no que xa é un dos roteiros máis populares nos institutos de toda Galicia”.



Cansonoro: roteiro de Xurxo Souto “Don Cesáreo, o cura do vespino”

Sábado 25 | 10 h. | Saída da Rotonda do Can

Roteiro con historias orais e cancións que parten do documental “Don Cesáreo, o cura da Vespino”, realizado de xeito colectivo no obradoiro Cans 303.



INAUGURACIÓN DA RÚA EFÉMERA Dolores Ben

Martes 21 | 11.30 h. | Torreiro de Cans

A iniciativa das rúas efémeras comezou hai cinco anos co obxectivo de recordar a personalidades relevantes do mundo do cinema e o audiovisual en Galicia. Cada ano, unha nova placa luce nos camiños de Cans durante o festival. Despois de María Casares, Chano Piñeiro, Pilar Pereira, e Roberto Vidal Bolaño, chega o momento de recordar a Dolores Ben, unha das principais figuras da dobraxe en Galicia.



Nacida en Ortigueira, a produtora Dolores Ben (1950-2020), estivo durante varias décadas vinculada ao audiovisual en Galicia, sector no que foi querida como persoa e prezada como profesional. En 2008 crea Cinemar, que coas mellores tecnoloxías da época, convértese nun referente nos servizos audiovisuais, con estudos de sonido e dobraxe para producións de cine, tv, audioguías, audiolibros e publicidade. Dolores foi tamén Presidenta de AGAPI, a Asociación Galega de Productores de Galicia, cargo que lle valeu o Premio da Cultura Galega Audiovisual. A Academia Galega do Audiovisual lle otorgou o Premio de Honra Fernando Rey en 2011.



Homenaxe ao Can de Cans

Mércores 22 | 20.30 h. | Rotonda de Adroza

O festival non arranca oficialmente ata que non se descubre o gran Can de Pedra, situado na rotonda de entrada á aldea. Cada ano, con gran expectación de invitados e veciños, o símbolo do festival amosa un traxe novo deseñado para a ocasión. *Con que nos sorprenderá este ano?*



Homenaxe a Nemesio Boente

Mércores 22 | 20.00 h. | Baixo do Local Parroquial

Descuberta da Placa Homenaxe a Nemesio Boente, entusiasta enfermeiro voluntario do Festival de Cans, falecido este ano. Vinculado a numerosos movementos veciñais e sociais, Nemesio era unha persoa prezada polos membros da organización. Por este motivo, o festival quere bautizar o Punto Médico Nemesio Boente para que perdure os días do certame.



Muro dos Chimpíns Colocación da placa a Fermina do Pouso

Mércores 22 | 21 h. | Muro dos Chimpíns, na baixada ao río de Cans

A nosa veciña Fermina Fernández (da Graña ou do Pouso, como se a coñece por aquí), formará parte dende hoxe do Muro dos Chimpíns, o espazo que reúne os Chimpíns de Prata que o festival otorga dende o ano 2015 a un /unha dos seus veciños ou veciñas. A señora Fermina, costureira e vendedora ambulante, é, con case 100 anos, a memoria viva da aldea.



Presentación do libro “Cans, nomes dos lugares”

Mércores 22 | 21.30 h. | Torreiro de Cans

Presentación do libro “Cans, nomes dos lugares” (Editorial Agoeiro, 2024) do historiador Arístides Carrera. Libro sobre a toponimia de Cans, apoiado polo Festival de Cans e que conta cunha parte adicada ao certame



Noite dos Veciños

Mércores 22 | 21.30 h. | Torreiro de Cans

Viviremos a noite máxica das veciñas e veciños da aldea ca presentación dos Guías dos Camiños, o Xurado das veciñas e veciños, a estrea do documental “Don Cesáreo, o cura do vespino” e a música das Pandereteiras de Cans e Acordecans.



Noite das Homenaxes

Venres 24 | 22 h. | Espazo Estrella Galicia da Leira do Río

A Noite das Homenaxes no Espazo Estrella Galicia da Leira do Río é unha das noites máis emotivas do Festival de Cans, que remata coa entrega do Premio Pedigree de Honor, que este ano será para a actriz María Vázquez. Ademais presentaranse os xurados do festival, así como o xurado das veciñas e veciños, ademais de “Vinte en Cans”, o documental de Javi Sobrado sobre a última edición do festival.



Gala entrega de premios

Sábado 25 | 23 h. | Espazo Estrella Galicia da Leira do Río

Como cada edición, coñeceremos ós premiados deste Festival de Cans 2024. O acto de entrega dos prezados cans de pedra en todas as categorías poñerá o peche ó certame.



Estrelas no Torreiro

María Vázquez

Venres 24 | 21.00 h. | Torreiro de Cans

David Trueba

Sábado 25 | 13.15 h. | Torreiro de Cans

Procesións de chimpibuses

Un dos momentos máis divertidos do festival son os desfiles dos chimpíns, que levan aos invitados a bordo nun percorrido pola aldea e polas rúas do Porriño.

Xoves 23 | 20 h. | Saída da Praza Arquitecto Antonio Palacios ata o Círculo Recreativo Cultural | Acompaña Os Zoqueiros

Venres 24 | 21.30 h. | Saída desde a rotonda do Can ata a o Espazo Estrella Galicia da Leira do Río | Acompaña Treboada Muimenta

Sábado 25 | 15.30 h. | Saída desde a Casa de Rafa e Paz ata o Torreiro | Acompaña Banda de Gaitas de Mosende





REDACCIÓN DE TEXTOS
Andrea Franco e Alfonso Pato

DESEÑO E MAQUETACIÓN
ideArt estudio



DOSSIER DE PRENSA
Comunicación do Festival de Cans 2024
José Luis Estévez
comunicacion@festivaldecans.com
T 661 025 476